



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CASA DO CONCELLO, 29 DE OUTUBRO DE 2020

No día de hoxe, ás 20:05 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: José Luis García López

ASISTEN:

Miguel Angel Vallo Camba

M^a del Carmen Torreiro González

Manuel Rodríguez Santos

Aurora Varela Duro

Rafael Rivadulla Varela

Jesús Gómez Camino

Xoan Xesús Carril Ramos

Lucia López Sobrado

Emilio García Vázquez

Begoña Balado Conde

AUSENCIAS:M^a del Carmen Fuentes Rios, Cristina Castro Pampin

SECRETARIA: Rebeca Vázquez Vázquez

INTERVENTORA: Gema Leal Insua

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

o alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

1. APROBACIÓN , SE PROCEDE, ACTAS ANTERIORES

De conformidade co preceptuado no artigo 21 do R.O.F. o alcalde pregunta se existe algunha obxección ás actas das sesións realizadas en datas 26/06/2020 e 27/08/2020.

Non habendo ningunha obxección as mesmas, quedan aprobadas ditas actas por unanimidade dos once membros presentes.

2. . DITAME RECTIFICACIÓN PEF

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión de Contas e de economía e facenda de data 26/10/2020, no seguinte sentido:

PRIMEIRO.- Aprobar a rectificación do Plan económico financeiro da Entidade Local nos termos que figuran no documento adxunto e que se considera parte integrante deste, toda vez que foron detectados erros materiais nos importes que figuraban en dito documento (que non correspondían cos especificados na documentación anexa).

SEGUNDO.- Enviar ao órgano de tutela da Administración Autónoma o acordo de aprobación adoptado e remisión tamén da dita información a través da oficina virtual das entidades locais coa información que se contempla na documentación anexa.

TERCEIRO.- A título informativo, publicar o Plan Económico-Financeiro no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, unha copia do Plan estará a disposición do público desde a súa aprobación ata o final do seu mandato, na sede electrónica desta Entidade Local.

PLAN ECONÓMICO FINANCIERO DO CONCELLO DE ARZÚA PARA O PERÍODO 2020-2021, TRAS SER RECTIFICADOS OS ERROS NO DOCUMENTO ELEVADO A APROBACIÓN DO PLENO EN DATA 27.08.2020.

EXPTE TEDEC: 2020/X999/000078

I. INTRODUCCIÓN

O artigo 3 da Lei orgánica 2/2012 regula, con carácter xeral, o principio de estabilidade orzamentaria, e ven a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

establecer que “a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea”. E defínese a estabilidade orzamentaria das administracións públicas como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11 desta norma, ven a instrumentar tal principio de estabilidade orzamentaria ao fixar que tanto a elaboración, como a aprobación e a execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das administracións públicas someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria. E o artigo 12 adicado á regra de gasto, fixa cómo a variación do gasto computable das corporacións locais non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española.

Non obstante, cando exista un desequilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda pública superior ao obxectivo establecido, o crecemento do gasto público computable axustarase á senda establecida nos respectivos plans económico-financeiros e de reequilibrio previstos nos artigos 21 e 22 da LOEPSF.

Así, o artigo 21 da Lei orgánica 2/2012, modificado pola Lei orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, indica que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumplidora formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo.

En base ao disposto no artigo 12 da LOEPSF, nos seus apartados 2 e 3, relativos á definición de gasto computable e á competencia do Ministerio de Economía e Competitividade para calcular a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo para a economía española, de acordo coa metodoloxía empregada pola Comisión Europea en aplicación da súa normativa, tal taxa será obxecto de publicación e será a referencia a ter en conta polas corporacións locais na elaboración dos seus respectivos orzamentos.

Centrándonos xa no límite da regra de gasto, cómpre sinalar que para o conxunto das administracións públicas, A TAXA DE REFERENCIA a ter en conta para o ano 2019, a efectos de calcular a regra de gasto, foi do 2,7. Esta taxa situouse no 2,9 para o exercicio 2020 e o 3 no 2021, segundo o acordo adoptado polo Consello de Ministros o día 11.02.2020, e polo cal se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o conxunto das administracións públicas.

Así as cousas, e con motivo da elaboración e aprobación da liquidación do exercicio 2019 a intervención municipal levou a cabo a emisión dos informes correspondentes ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda. E de tales informes conclúese o seguinte:

- O Concello de Arzúa cumpre co límite da débeda.
- O Concello de Arzúa cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, e de feito presenta un superávit por importe de 357.292,53 €, capacidade de financiamento, dende o punto de vista non financeiro.
- O Concello de Arzúa incumpe o límite da regra de gasto nun importe de 301.738,74 €. Isto tendo en conta os axustes feitos pola Intervención municipal e que fan que o límite do gasto computable para dar cumprimento á regra de gasto fose de 3.664.386,16 €, sendo o gasto computable que se deriva da liquidación do orzamento para o exercicio 2019 de **3.966.124,90 €**

En consecuencia, e ante tal incumprimento, a aplicación da Lei orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira fai necesario a elaboración dun plan económico financeiro que lle permita ao Concello recuperar a situación de equilibrio, como máximo, a 31 de decembro de 2021; é dicir, con ocasión da liquidación do exercicio 2021.

A nota explicativa da reforma local publicada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas establece ao respecto que os plans económicos financeiros, que teñen que valorar a aplicabilidade das medidas establecidas no artigo 116 bis da LBRL; en concreto indica:

“En definitiva, cabe reiterar lo antes expuesto, que son medidas que deben valorarse, y su valoración incluirse en el plan económico financiero, sin que todas se deban aplicar en todos y cada uno de los supuestos de incumplimiento de las reglas fiscales que han motivado la elaboración de dicho plan, ya que habrá que estar a la situación financiera y al incumplimiento que se debe correguir”.

O respecto conclúese que, dado que as magnitudes económico financeiras (estabilidade orzamentaria, superávit, remanente de tesourería positivo, cumprimento do período medio de pago, cumprimento do nivel de débeda) de este Concello demostran unha boa situación económica, non é necesario aplicar ningunha das medidas establecidas no mencionado artigo 116 bis da LBRL.

II. PROCEDIMENTO PARA A ELABORACIÓN E APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO

Segundo o previsto no artigo 23 da LOEPSF os plans económico financeiros elaborados polas corporacións locais deberán ser aprobados polo Pleno municipal, tendo en conta a aplicación do seguinte calendario:

1.º. O plan ten que ser presentado ante o Pleno municipal no prazo máximo dun mes dende que se constate o

incumprimento.

2.º. O plan deberá ser aprobado polo Pleno municipal no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación.

3.º. A posta en marcha do plan non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.

4.º. O plan deberá ser remitido á Comunidade Autónoma (no caso deste Concello á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro).

5.º. O plan deberá ser tamén remitido á Comisión Nacional da Administración Local para o seu coñecemento.

6.º. A este plan haberá que darlle a mesma publicidade que a establecida polas leis para os orzamentos da entidade.

III. CONTIDO DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO

Segundo o artigo 21 da LOEPSF, o plan económico financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo de establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.
 - b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
 - c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.
 - d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, en consonancia co contemplado no informe ao que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.
 - e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.
- Como xa se fixo referencia, a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local incluíu un novo artigo 116.bis na Lei de bases de réxime local que no seu apartado segundo ven a establecer o contido adicional que o plan debe presentar, por canto que deberá tamén incluír a lo menos algunha das seguintes medidas:
- a) Supresión das competencias que exerza a entidade local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.
 - b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir custes.
 - c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus custes.
 - d) Racionalización organizativa.
 - e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
 - f) Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia.

III.1) HORIZONTE TEMPORAL DO PLAN

O obxectivo deste Plan económico financeiro é lograr o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto no ano 2021, como data máxima o 31/12/2021, en cumprimento do que se establece no artigo 21.1 LOEOSF cando establece literalmente que "En caso de incumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria, del objetivo de deuda pública o de la regla de gasto, la Administración incumplidora formulará un plan económico-financiero que permita en el año en curso y el siguiente el cumplimiento de los objetivos o de la regla de gasto (...)".

III. 2) ÁMBITO SUBXECTIVO DO PLAN

A. Axentes que constitúen a administración local, segundo establece o artigo 2.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF) ("Corporaciones Locales" en Contabilidade Nacional):

Entidade local: Concello de Arzúa

Organismos autónomos: ningún.

Entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais: ningún.

B. Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das entidades locais en virtude do artigo 2.2 da LOEOSF, entendendo o concepto ingreso comercial no termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95).
Sociedade Mercantil: ningunha.

III. 3) CAUSAS DO INCUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO (artigo 21.2 a) da LOEOSF)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

No informe emitido pola Intervención Municipal, sobre o cumprimento da regra de gasto na fase de liquidación do exercicio 2019 ponse de manifesto o seguinte:

| | | LIQUIDACIÓN 2019 |
|---|--------------|---------------------|
| CALCULO DA REGRA DE GASTO (art. 12 Lei Orgánica 2/2012) | | |
| 1.SUMA EMPREGOS NON FINANCEIROS | | 5.746.597,63 |
| 2.Xuros da débeda e xuros de demora | | 0,00 |
| 3.Gastos financiados con ingresos finalistas | | -1.598.976,25 |
| 4.AXUSTES SEC 2010 en gastos | | -43.170,55 |
| 5.GASTO INVERSIÓN FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE | | -138.325,93 |
| GASTO COMPUTABLE LIQUIDACIÓN 2019 (1-2-3+4-5) | | 3.966.124,90 |
| GASTO COMPUTABLE 2019 INCREMENT. 2,7% | 3.630.792,23 | |
| Incremento permanente de recaudacion en 2019 | 33593,93 | |
| TOTAL LIMITE GASTO COMPUTABLE | | 3664386,16 |
| CUMPLE COA REGLA DE GASTO | NON | |
| DIFERENCIA CON LIMITE GASTO COMPUTABLE | | 301.738,74 |

Detalle de inversións financieramente sostenibles (DA6 LO 9/2013):

| Descripción IFS | Aplicación económica | Grupo de Programa de gasto | Estimación de Obrigas recoñecidas netas a 31/12/2019 financiadas con cargo ao superávit do 2017 | Estimación de Obrigas recoñecidas netas a 31/12/2019 financiadas con cargo ao superávit do 2018 |
|--|----------------------|----------------------------|---|---|
| Importe Total | | | 0,00 | -138.325,93 |
| ADQUISICION FINCAS PARROQUIA FIGUEROA | 93360000 | 933 | 0,00 | -5.925,15 |
| PAVIMENTACION RUA REGO DA RAÑA | 153261901 | 153 | 0,00 | -7.446,16 |
| PAVIMENTACION RUAS NUCLEO URBANO ARZUA | 153261901 | 153 | 0,00 | -30.039,94 |
| ACONDICIONAMENTO APARCADOIRO VITIRIZ | 153261901 | 153 | 0,00 | -13.317,64 |
| MELLORAS LOCAL SOCIAL PANTIÑOBRE | 93363203 | 933 | 0,00 | -17.085,04 |
| SUSTITUCION REDE DE AUGA EN O VISO | 16161901 | 161 | 0,00 | -12.226,19 |
| REPARACION BEIRARRÚA SANTA MARAI | 153261901 | 153 | 0,00 | -29.540,62 |
| RENOVACION REDE DE MANANCAIS EN REGO DE RENDAL | 16161901 | 161 | 0,00 | -22.745,19 |

Desglose dos gastos financiados por outras AAPP:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

| | |
|------------|--------------|
| DEPUTACIÓN | 1.164.179,68 |
| ESTADO | 1.791,14 |
| XUNTA | 433.005,43 |
| | 1.598.976,25 |

Axustes SEC 2010 en gastos:

| | |
|---|------------|
| Gastos pendentes de aplicar ao orzamento (saldo final conta 4130) | -35.768,19 |
| Outros: gastos imputados ao 2019 devengados no 2018 que non forman parte do saldo inicial da conta (4130) | 121.485,80 |
| Outros: gastos devengados no 2019 que non forman parte do saldo final da conta (4130) | -42.547,06 |
| Total axustes gastos ao orzamento | 43.170,55 |

O límite da regra de gasto menos o gasto computable do 2019 da un resultado negativo en -301.738,74 €, polo que o incremento da porcentaxe de gasto computable do 2019 sobre o 2018 é de 12,19%.

No 2019 incrementáronse os créditos iniciais de maneira substancial pola modificación orzamentaria financiada con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 644.986,24 €. Parte do crédito executouse e parte non. Parte do crédito executado non computa na regra de gasto por ser destinado a investimentos financeiramente sustentables (138.325,93 €), pero parte do executado fixo incurrir en incumprimento da regra de gasto por non poder excluirse do seu cómputo.

Do análise da información anterior desprendese que as causas que levaron a este Concello a incumprir a regra de gasto son as se indica:

1.- As obrigas financiadas con remanente de tesourería.

Atendendo a criterios orzamentarios, a Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais (modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo), dispón que as aplicacións ao orzamento de ingresos contidos no remanente de tesouraría recolléranse, ao largo do exercicio, no capítulo 8 do orzamento de ingresos de cada entidade local, sen que en ningún caso poidan formar parte os créditos iniciais do orzamento.

Considerando o exposto, o remanente de tesourería configúrase como un ingreso financeiro cuxa utilización esixe a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para destinalo a financiación de novos gastos de forma que, cando financian gastos de carácter non financeiro poderá dar lugar a un incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e do límite fixado pola regra de gasto.

O remanente de tesourería, aínda cando se configura contablemente como un activo financeiro, pola súa natureza identifícase como un aforro que vai xerando unha entidade local cada exercicio como consecuencia do desfase entre a execución de uns ingresos orzamentarios e as obrigas recoñecidas as que están afectando de forma tal que ese aforro haberá de ser utilizado como fonte de financiamento das obrigas de exercicios posteriores a aquel no que se obtivo. En consecuencia, a súa utilización non determina unha situación de déficit estrutural. E mais, debería de identificarse con unha situación de superávit orzamentario no momento da liquidación do orzamento, xa que o remanente de tesourería é froito do aforro orzamentario que permitirá a Entidade Local o financiamento de parte dos gastos de outros exercicios sen necesidade de acudir aos ingresos non financeiros do exercicio nin a obtención dos recursos financeiros aportados por terceiros.

2.- No caso deste Concello a situación de superávit orzamentario evidenciase no resultado orzamentario do 2018, que se cifra, unha vez axustado polas desviacións do exercicio en 594.520,32 e no 2019 en 537.258,07 €.

Así como tamén no remanente de tesourería para gastos xerais, que no 2018 foi de 615.326,86 e no 2019 de 938.043,40 €, o que pon de manifesto unha capacidade de financiamento elevada.

3.- Sentada a natureza do remanente de tesourería cabe entender que os seus efectos sobre a situación económico financeira de unha entidade local en nada coinciden cos derivados de outros recursos financeiros que existen un reembolso das cantidades recibidas e por eso parece lóxico que o tipo de medidas a implementar no plan económico financeiro deban acomodarse a situación descrita.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Estas modificacións contribuíron o incumprimento da regra de gasto supoñendo un aumento do gasto computable por encima do teito de gasto que tiña; o Concello cumpre con todas a regras, de non ter débeda bancaria nin pendente de pago a provedores na conta 4130, o que lle permitiu utilizar eses novos ou maiores ingresos sen poñer en risco a súa capacidade de financiamento, se ben incumpre o teito de gasto por suposto ao facer uso de eles,ponse de manifesto tamén que o incumprimento deste Concello non é estrutural senón algo puntual, que non require a adopción de medidas no PEF que se tramita.

Sobre a base do exposto, cabe afirmar que o mantemento do cumprimento do obxectivo da regra de gasto, incumprido pola utilización do remanente de tesourería, lograríase coa simple aprobación do orzamento deste exercicio (dado que estamos en prorrogado), seguindo o límite de variación do gasto computable, sen necesidade de medida estrutural algunha dada a natureza do remanente de tesourería no ámbito da Administración Local, e a súa execución mantendo o teito de gasto máximo que derivaría da aplicación do límite máximo que derivaría para o exercicio 2020 e 2021.

Neste contexto, a entidade local deberá elaborar e aprobar un plan económico financeiro que se limite a expor o orixe do desequilibrio en termos de contabilidade nacional e a recoller aquela medida.

III. 4) PREVISIÓNS TENDENCIAIS DE INGRESOS E GASTOS (artigo 21.2 b) da LOEOSF) (DE ACORDO CO MODELO DE PEF DA PLATAFORMA DO ESTADO)

III.4.1.PREVISIÓNS DA REGRA DE GASTO

A) REGRA DE GASTO 2020

Unha vez coñecido o gasto computable que se realizou efectivamente no 2019 (A), pode calcularse cal é o límite do gasto para o exercicio 2020 (columna C), aplicando ao mesmo a taxa de variación é do 2,90 % resultante do acordo do Consello de Ministros que aprobou os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o período. Teñense en conta incrementos ou minoracións de recadación permanentes derivados de cambios normativos, toda vez no exercicio 2020 adoptouse acordo de suspensión da aplicación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras , tribunas e taboados e outros elementos análogos, sendo previsible tamén suspender a súa aplicación para o exercicio 2021 (logo entendemos a permanencia no período).

Tal e como se resume na seguinte táboa o límite de gasto para este exercicio 2020 será:

| Entidad | Gasto computable liquidación 2019 - IFS liquidación 2019 (A) | Tasa de referencia 2020 (2,9 %) (B) | Aumentos e diminucións artigo 12.4 LOEOSF | Límite de gasto para 2020 (A+B)- (C) |
|----------|--|-------------------------------------|---|--------------------------------------|
| Concello | 3.966.124,90 | 115.017,62 | -6.142,52* | 4.075.000 |

O importe do gasto previsto non financeiro a 31/12/2020 e a previsión do axuste por fondos finalistas previstos para o 2020, basease nos datos de execución de exercicios anteriores e estimación de execución do último trimestre , en función das porcentaxes de execución do orzamento nos últimos anos e das variacións que no orzamento deste ano, por subidas salariais dos traballadores e variacións nalgúns servizos; tendo en conta ademais a utilización de remanente líquido de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do ano 2019 para financiar incorporación de remanentes, e outras posibles modificacións, como suplementos de crédito ou créditos extraordinarios

| | Gasto non financeiro previsto a 31/12/2020 (estimación de ORN) (D) | Previsión de axuste por fondos finalistas previstos para 2020 (E) | Gasto non financeiro axustado ao previsto a 31/12/2020 (D-E) (G) |
|----------|--|---|--|
| Concello | 5.765.000 € | 1.690.000,00 € | 4.075.000 € |

A entidade cumpre a regra de gasto, dado que o límite é o indicado.

B) REGRA DE GASTO PARA 2021

O límite da regra de gasto para o exercicio 2021 calcúlase aplicando ao gasto previsto no 2020 (I) a taxa de variación do 3 %, última aprobada, é será de 4.056.969,29 .

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

| Entidad | Gasto computable liquidación 2020 - IFS liquidación 2020 (A) | Tasa de referencia 2021 (3 %) (B) | Limite de gasto para 2021 (A+B) (C) |
|----------|--|-----------------------------------|-------------------------------------|
| Concello | 4.075.000,00 € | 122.250,00 | 4.197.250 |

A previsión de obrigas recoñecidas netas (gasto non financeiro) para 2021, establécese igualmente para esgotar o límite de gasto resultante para ese ano, contando coa posibilidade de utilizar o posible remanente líquido de tesourería para gastos xerais que resulte da liquidación do exercicio 2020 e a vista da execución dos últimos anos, a situación de crise económica derivada da pandemia, probablemente determinará unha redución dos ingresos recoñecidos e recadados, así como os importes das transferencias non finalistas que se perciben como participación en tributos, tanto do Estado como da Comunidade Autónoma, pero estímase que tamén a aportación de axudas doutras Administracións de carácter finalista, para tratar de minorar os efectos da crisis

| | Gasto non financeiro previsto a 31/12/2021 (estimación de ORN) (D) | Previsión de axuste por fondos finalistas previstos para 2021 (E) | Gasto non financeiro axustado ao previsto a 31/12/2021 (D-E) (G) |
|----------|--|---|--|
| Concello | 5.815.000 € | 1.618.000,00 € | 4.197.000 € |

A entidade cumpre a regra de gasto en dado que o límite é de 4.197.250 €

III.4.2 PREVISIÓNS DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

A) ESTABILIDADE ORZAMENTARIA 2020.

A previsión de dereitos recoñecidos netos a 31/12/2020 efectúase, aplicando criterios de prudencia, en termos constantes cos dereitos recoñecidos en ingresos non financeiros en 2019, e tendo en conta a execución actual de execución do orzamento de ingresos. Téñase en conta a situación actual de crise sanitaria determinou a suspensión de prazos de tramitación de expedientes, adopción de medidas de flexibilización fiscal, que determinaron a suspensión dos prazos de cobramento de tributos e outros ingresos de dereito público, así como a adopción da suspensión da aplicación de determinados tributos elo determina que neste exercicio 2020 poidan reducirse os ingresos previstos polos diferentes conceptos de ingresos, pero dada a delegación da xestión tributaria e recadatoria dos principais tributos na Deputación Provincial, e o sistema de ingreso de anticipos a conta en base aos importes recadados na anualidade anterior, neste exercicio a diminución de ingresos estímase pouco significativa nos principais tributos, en referencia ás previsións do orzamento prorrogado, a redución da porcentaxe de recadación somentes será perceptible no momento que se aprobe a liquidación definitiva do exercicio 2020, que non se producirá ata entrado o 2021. Fruto da suspensión da tramitación de expedientes tributarios, ampliación de prazos de alegación, ou incluso da variación dos calendarios fiscais, suspensión de procedementos de apremio, suponse que a redución dos ingresos que se percibirán serán os correspondentes a liquidacións de ingreso directo e executiva a partires do segundo trimestre, polo tanto este ano 2020, o importe de superávit redúcese ao mero cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria. Tendo en conta a estimación de obrigas recoñecidas netas de gasto computable do apartado anterior, pero engadindo a previsión de obrigas recoñecidas con fondos finalistas (que non computan a efectos de regra de gasto, pero si a efectos de estabilidade orzamentaria), así como unha media de axustes SEC dos últimos anos, prevese o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, os ditos axustes tenden a 0:

| Ingreso non financeiro previsto | Gasto non financeiro previsto | Axustes SEC | Capacidade/necesidade de financiamento |
|---------------------------------|-------------------------------|-------------|--|
| 5.876.500 € | 5.765.000 € | -111.000 € | 500,00 € |

B) ESTABILIDADE ORZAMENTARIA 2021.

Cunha previsión de recoñecementos de dereitos á baixa, dada a crise sanitaria, prevese a caída do importe a percibir por fondos non finalistas como a participación de tributos do Estado e fondo de cooperación local, igualmente tamén se prevé unha caída do importe a percibir por diferentes tributos pola caída da porcentaxe de recadación, dada a previsible crisis económica que comenza a visualizarse no noso país, como consecuencia da pandemia que está a causar o peche de numerosos negocios, así como a caída do emprego, somentes se verán

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

compensada parcialmente a dita caída, coa previsión de ingresos doutras Administracións, vía fondos finalistas, que axudarán a manter o financiamento de gastos que deriven da dita circunstancia, é dicir variará a distribución do gasto por capítulos ou áreas de gastos, para tratar de contrarrestar os efectos da crise económica. Estímase o gasto a realizar, que se mantén aos efectos de tratar de manter, en coherencia co límite do gasto, prevese o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria simplemente, con superávits mínimos

| | | | |
|---------------------------------|-------------------------------|-------------|--|
| Ingreso non financeiro previsto | Gasto non financeiro previsto | Axustes SEC | Capacidade/necesidade de financiamento |
| 5.876.500,00 € | 5.815.000,00 € | -61.000 € | 500,00 € |

O detalle da dita información pódese obter da información remitida, referida ás liñas fundamentais dos orzamentos 2020-2021.

III.6) OUTRAS PREVISIÓNS DE CUMPRIMENTO DE OUTRAS REGRAS FISCAIS.

Acompáñase documentación da información completa a remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da oficina virtual das entidades locais.

III.7) PREVISIÓNS DAS VARIABLES ECONÓMICAS E ORZAMENTARIAS DAS QUE PARTE O PLAN, ASÍ COMO OS SUPOSTOS SOBRE OS QUE SE BASEAN ESTAS PREVISIÓNS.

As variables económicas que se toman para realizar as previsións son as contidas no acordo do Concello de Ministros de 11/02/2020, de fixación de obxectivos de estabilidade e débeda pública.

Capacidade/necesidade de financiamento

| | 2020 | 2021 |
|------------------------|------|------|
| Administración central | -0,5 | -0,4 |
| Comunidade Autónomas | -0,2 | -0,1 |
| Entidades Locais | 0 | 0 |
| Seguridade Social | -1,1 | -1,0 |
| Total AAPP | -1,8 | -1,5 |

Obxectivos de débeda pública

| | 2020 | 2021 |
|------------------------|------|------|
| Administración central | 69,2 | 68,6 |
| Comunidade Autónomas | 23,4 | 22,8 |
| Entidades Locais | 2,0 | 2,0 |
| Total AAPP | 94,6 | 93,4 |

Tasa de referencia nominal anual (% variación anual)

| 2020 | 2021 |
|------|------|
| 2,9 | 3,0 |

IV. CONCLUSIÓNS

Á vista do contido deste plan exposto nos apartados anteriores, formulo as seguintes conclusións:

- No informe emitido pola intervención municipal en relación á liquidación do exercicio 2019 constatouse o incumprimento da regra de gasto regulada no artigo 12 da LOEPSF.
- Como consecuencia do anterior, e dando cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, esta Alcaldía formula o presente plan económico financeiro para a súa aprobación polo Pleno do Concello, rectificando, o inicialmente elevado a aprobación en data 27.08.2020.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

- Considérase que non son necesarias medidas concretas, senón un plan que poña de manifesto a situación e o teito de gasto nos seguintes exercicios. O Concello de Arzúa cumprirá co obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra do gasto ao final do exercicio 2021, con ocasión da aprobación da liquidación do dito exercicio. Estímase entón que nese momento se producirá unha situación de equilibrio ou de superávit en termos de contabilidade nacional.

Tamén se estima que o volume de débeda viva non incumpra os límites establecidos.

Non habendo intervencións, o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por maioría con 9 votos a favor (5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa 1 da concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE , 2 do PP e 1 de CxG) e con 2 abstencións do BNG , o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar a rectificación do Plan económico financeiro da Entidade Local nos termos que figuran no documento antes indicado e que se considera parte integrante deste, toda vez que foron detectados erros materiais nos importes que figuraban en dito documento (que non correspondían cos especificados na documentación anexa).

SEGUNDO.- Enviar ao órgano de tutela da Administración Autonómica o acordo de aprobación adoptado e remisión tamén da dita información a través da oficina virtual das entidades locais coa información que se contempla na documentación anexa.

TERCEIRO.- A título informativo, publicar o Plan Económico-Financeiro no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, unha copia do Plan estará a disposición do público desde a súa aprobación ata o final do seu mandato, na sede electrónica desta Entidade Local.

O texto do PEF é o que consta nos considerandos deste acordo.

3. DITAME MODIFICACION ORZAMENTARIA SUPLEMENTO DE CREDITO 2/2020, CONDICIONADO A ACREDITACIÓN DO CARÁCTER DE INVESTIMENTO SUSTENTABLE (DISPOSICIÓN ADICIONAL DECIMOSEXTA). NOTA: AO NON SER CONVALIDADO O REAL DECRETO LEI 27/2020. EXPTE TEDEC 2020/T002/000013

A secretaria da lectura a seguinte proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión de Contas e de economía e facenda de data 26/10/2020, no seguinte sentido:

Primeiro.- Ratificar a aprobación do expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito , núm de expediente 2/2020 SC , toda vez é posible financiala con RLTX de libre disposición.

Segundo.- Publicar un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Simultaneamente ao envío do anuncio a publicar anterior, remitir copia do expediente á Comunidade Autónoma e Administración Estatal.

Cuarto.- No suposto de que finalmente sexa aprobada a posibilidade de utilización do superávit para o financiamento de investimento financeiramente sustentable, sin que compute para a regra de gasto, e previo análise da documentación xustificativa do seu carácter de sustentable, por parte da intervención municipal, que o gasto suplementado poda beneficiarse da dita consideración, aos efectos de verificar o cumprimento das regras fiscais.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* O Sr. García Vázquez (CXG) indicou:

- Que se vai centrar no tema do Castro Curbín, tal cual se presenta este proxecto de Castro Curbín como posta en valor de restos arqueolóxicos, ahí non hai restos arqueolóxicos, é unha masa común cunha zona verde, pero non hai ningún documento que diga que ahí hai restos arqueolóxicos, nin hai ningún documento que diga que iso é un castro.

- Que parece ser que se vai sinalar a zona como un castro e realmente é unha zona verde, unha masa común, e habería que facer outro tipo de traballos para demostrar que ahí hai un castro.

- Que en canto os accesos vai quedar unha estrada, a que vai dende a rúa de Lugo o perímetro do Castro, que se entende que se se sinala o turismo vai subir por ela, necesitarase unha sinalización para os vehículos e unha limitación de velocidade, etc... iso non está no proxecto

-Esta intervención que se da a través da area da concelleira Balado Conde afecta a area da Sra. Varela Duro, e quere pedirlle a concelleira Varela Duro que se centre no tipo de proxectos que afecten a súa área, porque segundo o decreto 498 a delegación especifica será correxida polo concelleiro da area que se vexa afectada, neste caso meteríase na area de cultura.

-Visto o expediente que se presenta e o informe no que parece que se recollen uns datos sacados de internet, se se vai marcar esa zona como un castro sen ser un castro, teríase que facer outro tipo de traballo, como demostrar primeiro que é un castro.

*A Concelleira Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) indica:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

- Que se o Sr. García Vázquez chama a patrimonio xa lle indicaran se é un castro ou non, teríase que informar un pouco mais sobre Arzúa e das cousas tan interesantes que hai.

- Que o concello asinou un convenio con turismo, o concello ten que poñer unha cantidade xa que non chegou a subvención que dou a consellería, esta obra parécelle interesante a toda Arzúa, había necesidade de facer ese arranxo xa que é un punto de turismo para o concello, sobre todo polo contorno en que se atopa, case no camiño de Santiago. Síntese moi contenta de participar neste proxecto e no futuro teñen pensado facer a través dalgunha das universidades de Galicia algún tipo de traballo de arqueoloxía no Castro.

* O Sr. Carril Ramos (do BNG) manifesta:

- Que van dar o voto favorable a estes investimentos, entre outras cousas, porque Castro Curbín e a ferverza das Hortas son temas que levaron a campaña electoral e teñen pedido que se puxeran en valor.

- Que teñen que criticar os cambios que se fan dun pleno para outro, que se está correxindo constantemente por non ter partidas nos orzamentos, se se ten intención de facer cousas hai que planificarse con antelación para que queden reflíctidas nos correspondentes orzamentos e non andar saltando de pleno en pleno facendo modificacións.

- Que tamén o goberno de España columpiouse, non todo é culpa do concello, que vendeu a pel do oso antes de cazalo.

- Que na proposta de ditame deste acordo fai referencia a algo estrano para este tipo de investimento, "se poderían financiar os gastos de carácter urxente e indemorable de investimento".

-Que en canto a ferverza das Hortas neste punto vai unha partida por un total de 50.000 euros, e non sabe se o custe inicial de facer a ruta de sendeirismo chegara a ese prezo, ahí demostrase o abandono por parte deste concello das infraestruturas, coñece bastante ben a ferverza das hortas e é lamentable.

- Pregunta: ¿Por qué a Xunta de Galicia sacou a ruta da ferverza das Hortas dos seus programas de turismo de Sendegal e de Turgalicia? ¿Está a día de hoxe esta ruta homologada, a maioría dos clubs integrados de Galicia pedían a súa deshomologación a Federación Galega de Sendeirismo porque esa ruta estaba



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

totalmente abandonada? . O Concello de Arzúa tiña coñecemento dixo, porque cando se fixo a feira de Terraactiva non se puido realizar esa ruta porque había sitios nos que as silvas estaban moi altas.

- Que espera que a a partir de agora se leve un bo mantemento das instalacións e que non se deixen deteriorar, porque despois os custos son moito mais grandes.

*O Sr Rivadulla Varela (do PP) indica:

- Que o que sexa facer investimento parécelles correcto, pero non deciden a prioridade dos mesmos, por iso se van abster.

-Que lle comentara a Sra. Balado Conde, se ao mellor durante esas obras apareceran restos, que como indicou o concelleiro de CxG non se sabe se hai eses restos. E había unha partida que estaba contemplada para un proxecto, no suposto que apareza algo, se houbera restos estaría ben recuperalos.

-Que o que non entende, e ahí dálle a razón tamén o concelleiro de CxG, cando se dirixe o facer as preguntas a concelleira que leva o tema de obras, tamén tería que responder as mesmas a Sra. Varela Duro que é a concelleira que leva o tema de cultura.

* O alcalde explica:

-Que non plan urbanístico Castro Curbin está catalogado como castro e ademais con protección, e á concelleira Balado Conde bastantes pegas lle puxo Patrimonio para facer a pequena actuación que se vai facer.

-Que se o concelleiro de CxG na súa intervención se refería a que non se fixera ningunha escavación, o concello por si só non pode acometer ese tipo de obras, sería necesario o apoio doutras administracións.

-Que en canto ao debate que abriron entre concellerías, non sabe moi ben con que finalidade, se será coa finalidade de enfrontar os concelleiros, pero tal como recalcou a concelleira Balado Conde, estas obras parten dun convenio que se asinou coa Consellería de Turismo, polo tanto a concelleira Varela Duro non pinta nada, se o convenio fora asinado coa Consellería de Cultura houberao levado a cabo dita concelleira, como fai co resto das súas subvencións.

- Que con respecto o tema das modificacións , lembra que todo o tempo que leva de alcalde e concelleiro que se fixeron modificacións, non é falta de

planificación, o longo do ano imos coñecendo se nos dan ou non determinadas subvencións, no momento en que se asinan convenios ou se habilitan subvencións temos que sacar o crédito dalgún lado, polo que é imposible planificalo con anterioridade, despois noutros casos como poden ser diferentes actuacións que haxa que facer nos inmobles do concello, son causas sobrevidas, e que o que se puxera no orzamento non chega, pero tampouco se puido planificar. Iso é o groso das modificacións que se fan.

O alcalde da unha segunda rolda de intervencións, intervindo:

*O Sr. García Vázquez (CxG) para manifestar:

-Que os castros son cultura, de feito a base da cultura castrexa, a subvención é para patrimonio cultural que se mete na liña de turismo, iso ten outro matiz, ¿a empresa que esta a traballar no castro que cualificación ten para traballar en restos histórico?

Indica o alcalde que:

-Todas a obras que vai realizar a empresa no castro ten autorización de patrimonio e hai un arqueólogo inspeccionando esas obras.
- Que unha partida de 1750 euros para pagarlle a un arqueólogo, porque o esixiu así patrimonio

*Pregunta o Sr. García Vázquez (CXG) se a empresa que esta facendo a obra está cualificada para facer ese traballo.

Contesta o alcalde:

-Que simplemente o que se vai facer é restaurar o que está en mal estado, como restaurar o cercado, o mobiliario sen poñer mais, porque non o permite patrimonio e facer unha limpeza, non se vai facer mais porque nin chegan os cartos nin se pode facer.
- Que se non fora castro non se tería que pedir permiso a patrimonio, polo de pronto está catalogado como castro.

*O Sr. Carril Ramos (do BNG) manifesta:

- Que en canto a ferverza das Hortas sabe ben do que fala, xa que vai por ela varias veces no ano, e o abandono foi total non se fixo nada, pola pasarela suben as silvas, non se fixo nada de mantemento, por que aínda se desfixo o que había cando se fixo o mantemento de pistas arramplaron coas sinais da ruta e coas sinais de tráfico.
- Que se non fora polo problema que hai co Covid estas obras non se farían, fanse a raíz desta crise para reactivar o turismo.
- Que na documentación ven a memoria xustificativa da actuación e ven a cesión ao fondo de financiamento PEL reactiva.
- Que a concelleira Balado Conde colgou no seu facebook persoal estas axudas, e non sabe porque non se colgan nas páxinas oficiais do concello, e a xente diríxese a eles para preguntar onde teñen que solicitar esas axudas, eles nas comisións que houbo do Covid dixeron que se informara correctamente de todas as axudas que houbera e se lle dera a máxima difusión para que todos os veciños que teñan dereito a elas teñan os mesmos dereitos.
- ¿ Quen vai xestionar este tipo de axudas e cómo? Pediríalle o pleno igual que xa fixeron na comisión do Covid que cando se faga efectivo, se informe correctamente e toda a xente que teña dereito a axuda estea en igualdade de condicións.
- * O Sr. Rivadulla Varela (PP) indica, que quere facer unha corrección que cando se fala de subvención, é unha subvención que solicita o concello que non impón a Xunta de Galicia, porque da a sensación como se fora imposta pola Xunta.

Aclara o alcalde:

- Que a subvención ven a través de turismo e el non a pode cambiar para cultura, o tema da subvención dou moitas voltas e o final converteronse en convenios.
- Que pode estar de acordo co Sr. Carril Ramos de que todo o traxecto da ferverza necesita un mantemento continuo, pero el fala de feitos obxectivos, a concelleira Castro Vallo acometeu todas esas obras cando era concelleira que foron obras importantes en cartos.
- Que respecto o tema das sinais, polo menos na zona de Viñós, non é que as tiraran cando se arraxaron as pistas, tiraronnas cando se cortou a madeira .

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por 8 votos a favor (5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa ,1 da concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE, 2 concelleiros/as do grupo municipal BNG), con 3

abstencións (1 do concelleiro de CxG , 2 concelleiros/as do grupo municipal do PP), o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Ratificar a aprobación do expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito , núm de expediente 2/2020 SC , toda vez é posible financeira con RLTX de libre disposición.

SEGUNDO.- Publicar un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO Simultaneamente ao envío do a anuncio a publicar anterior, remitir copia do expediente á Comunidade Autónoma e Administración Estatal.

CUARTO No suposto de que finalmente sexa aprobada a posibilidade de utilización do superávit para o financiamento de investimento financeiramente sustentable, sin que compute para a regra de gasto, e previo análise da documentación xustificativa do seu carácter de sustentable, por parte da intervención municipal, que o gasto suplementado poda beneficiarse da dita consideración, aos efectos de verificar o cumprimento das regras fiscais.

4. DITAME MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA SUPLEMENTO DE CRÉDITO 3/2020. EXPTE. TEDEC 2020/T002/000015.

A secretaria da lectura a seguinte proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión de Contas e de economía e facenda de data 26/10/2020, no seguinte sentido:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito co numero de expediente 3/2020 SC.

* Aprobación de dotación de suplemento de crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de 75.783,52 euros.

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS NAS QUE IMPORTE A DOTAR DOTAR CREDITO

| | |
|--|-----------------|
| 161.623.00: Investimento novo en instalacións técnicas para a prestación do servizo de abastecemento de agua | 23.649,29 euros |
| 1722 609 00: Outros investimentos de mellora en infraestruturas para outras actuacións de protección e mellora do medio ambiente | 26.869,44 euros |



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

| | |
|--|-----------------|
| 433 479 00: Outras axudas para o desenvolvemento empresarial | 25.264,79 euros |
| TOTAL | 75.783,52 euros |

* Financiamento procedente de RTGX

| | | |
|---|------|-----------------|
| FINANCIAMENTO | RTGX | |
| 870 00 Remanente de tesourería para gastos xerais | | 75.783,52 euros |

- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

SEGUNDO.- Publicar, unha vez aprobada a modificación un resumo a nivel de capítulos no taboleiro de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Simultaneamente ao envío do anuncio a publicar anterior, remitir copia do expediente á Comunidade Autónoma e Administración Estatal
Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* O Sr. García Vázquez (de CxG) para indicar:

- Que neste punto fálase dun plan de reactivación do comercio, para o cal se vai contratar unha empresa. ¿É preciso contratar unha empresa para este tipo de desenvolvemento de plans, o persoal laboral do concello non podería desenvolvelo?

* O Sr. Carril Ramos (do BNG) indica:

- Que o seu grupo vai votar a favor, porque consideran que estes investimentos son interesantes, notan a falta de planificación, eles serían partidarios de investir outras cantidades mais importantes para a traida de augas aproveitando que se fan obras con outras partidas.

- ¿Como vai ser o tema das axudas para de desenvolvemento empresarial?

* O alcalde explica:

- Que se contrata unha empresa para que faga todo o tema de publicidade das actividades que se poidan facer, dar recursos para poder facer distintas actuacións no tema de hostelería, turismo etc..., o concello non dispón de persoal especializado nese tema, o persoal podería facer algunha cousa como, o técnico de cultura que estivo realizando traballos con respecto a isto, pero necesítase alguén con mais profesionalidade e mais concreto para poder levar a cabo esas tarefas.

-Que por agora o tema das axudas non se lle dou publicidade por que acabamos de traelo hoxe o pleno, mañá vai intervir na radio unha persoa da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Deputación para informar diso, o concello a partir da vindeira semana tamén faremos fincapé niso.

-As solicitudes chegaran a técnica local de emprego, haberá unha comisión que será a que mire a documentación tendo en conta as bases, e decidira as cantidades a subvencionar.

*Explica a secretaria:

-As bases están reguladas pola Deputación Provincial da Coruña, e na Xunta de Goberno Local fixéronse adaptacións concretas de ditas bases, como quen sería o órgano instructor que será a técnica local de emprego, e logo a comisión que estaría formada polo alcalde, a segunda tenente de alcalde, a técnica local de emprego, a vista da proposta desta comisión o órgano de goberno outorgará as subvencións.

-As bases xerais foron aprobadas pola deputación provincial, mandáronse a base xeral de datos de subvencións para poder xerar unha convocatoria que saíra publicada no BOP.

* A Sra Balado Conde (do PSdeG-PSOE) indica:

- Que cre que é moi importante contratar unha empresa, sobre todo agora mesmo polo problema que está habendo sobre todo a nivel turístico, para que active a marca Arzúa e nos axude a reactivar as cousas que temos no concello, xa que non temos técnicos de turismo, temos dúas persoas na oficina de turismo pero non é o mesmo.

-Que quere decir o Sr. Carril Ramos que ve que está moi pendiente do seu facebook, pero que hoxe saíu na radio, mañá vai estar o deputado de emprego da deputación e mañá vai saír tamen na prensa, a partir de ahí xa se informará a todos os veciños do proceso.

*O Sr. Carril Ramos indica, que se fixo esa pregunta é porque algúns veciños se dirixiron a eles para pedirles información, e eses veciños viron a información no facebook dunha compañeira de corporación do grupo de goberno, e non sabe se esa é a forma que ten o concello de Arzúa de informar a veciñanza, non é unha crítica, so que a xente ve esa información de dirixense a eles por se lle saben explicar o tema, unha das persoas que lle preguntou é unha persoa que está nunha situación crítica.

*O alcalde manifesta, que aquí tamén viñeron dúas persoas que viron a noticia na páxina da deputación, a xente ten interese debido a situación que estamos a vivir. A aportación do concello vai ser de 25.264,79 euros.

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por 9 votos a favor (5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa ,1 da concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE, 2 concelleiros/as do grupo municipal BNG e 1 do concelleiro de CxG), con 2 abstencións dos concelleiros do grupo municipal do PP, o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito co numero de expediente 3/2020 SC.

* Aprobación de dotación de suplemento de crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de 75.783,52 euros.

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS NAS QUE IMPORTE A DOTAR

DOTAR CREDITO

| | |
|--|------------------------|
| 161.623.00: Investimento novo en instalacións técnicas para a prestación do servizo de abastecemento de agua | 23.649,29 euros |
| 1722 609 00: Outros investimentos de mellora en infraestruturas para outras actuacións de protección e mellora do medio ambiente | 26.869,44 euros |
| 433 479 00: Outras axudas para o desenvolvemento empresarial | 25.264,79 euros |
| TOTAL | 75.783,52 euros |

* Financiamento procedente de RTGX

FINANCIAMENTO RTGX

870 00 Remanente de tesourería para gastos xerais 75.783,52 euros

- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

SEGUNDO.- Publicar, unha vez aprobada a modificación un resumo a nivel de capítulos no taboleiro de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Simultaneamente ao envío do anuncio a publicar anterior, remitir copia do expediente á Comunidade Autónoma e Administración Estatal

5. DITAME MOCION DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO A QUE INGRESE AS CONTÍAS DO IVE NON LIQUIDADAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2017, COMO CONSECUENCIA DA IMPLANTACIÓN DO SUBMINISTRO INMEDIATO DE INFORMACIÓN (SII)

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente o acordo proposto na moción, na Comisión de Contas e de economía e facenda de data 26/10/2020, no seguinte sentido:

1. Declarar o apoio deste concello as reivindicacións da FEGAMP e da FEMP para que o Goberno de España ingrese ás entidades locais as contías do imposto sobre o valor engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Suministro Inmediato de Información (SII)
2. Instar ao Ministerio de Facenda a que ingrese a este concello 58.720,37 euros en concepto de cantidade non liquidada de IVE correspondente ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Suministro Inmediato de Información (SII).
3. Dar traslado destes acordos ao Ministerio de Facenda, a Xunta de Galicia, a FEGAMP e á FEMP.

Coñecendo todos os presentes o contido da moción, cuxo contido é o seguinte:

“No ano 2017 a Axencia Tributaria (AEAT) implantou un novo sistema de xestión do IVE baseado no Suministro Inmediato de Información (SII) que posibilita a levanza case inmediata dos rexistros de facturación a través da Sede Electrónica da AEAT.

Porón, no informe anual de recadación tributaria da AEAT (ano 2017) constátase que este novo sistema de xestión do IVE provocou un desprazamento de ingresos ao exercicio 2018.

Así, expresamente dise no precitado informe da AEAT:”La entrada en vigor de esta nueva forma de gestión vino acompañada de un retraso en la fecha límite de presentación de las declaraciones mensuales (del 20 al 30 del mes posterior al mes de devengo). La consecuencia fue que las declaraciones devengadas en un mes cualquiera que anteriormente se contabilizaban en el mes siguiente pasaron en su mayor parte a contabilizarse dos meses mas tarde.

En el conjunto del año, por tanto, solo se contabilizaron, para las empresas acogidas al nuevo sistema, 11 meses de ingresos (el mes de noviembre que antes se recaudaba dentro del año pasó a registrarse en enero del año siguiente). Junto a este desplazamiento de ingresos, el nuevo sistema posibilitó una realización más ágil de las devoluciones, de manera que también por este lado hubo una disminución de ingresos: devoluciones mensuales correspondientes a los últimos meses del año que antes se hubiesen realizado en los primeros meses del siguiente, se realizaron dentro del año 2017. En total ambos cambios significaron un traslado de ingresos de 2017 a 2018 por varlo de 4.150 millones”

Estamos ante unha situación inxusta e prexudicial para os municipios galegos que vemos diminuída a nosa capacidade de financiamento e os nosos recursos.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Arzúa, presenta a seguinte:

- 1. Declarar o apoio deste concello as reivindicacións da FEGAMP e da FEMP para que o Goberno de España ingrese ás entidades locais as contías do imposto sobre o valor engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Suministro Inmediato de Información (SII)*
- 2. Instar ao Ministerio de Facenda a que ingrese a este concello 58.720,37 euros en concepto de cantidade non liquidada de IVE correspondente ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Suministro Inmediato de Información (SII).*
- 3. Dar traslado destes acordos ao Ministerio de Facenda, a Xunta de Galicia, a FEGAMP e á FEMP.”*

Deseguido interveñen:

* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) explicou:

- Que o Ministro de Facenda quería ter realizada de maneira instantanea todo o tema de facturación, o cal lle afecta os Concellos.
- Que cando se implantou ese sistema de facturación quedaron uns importes colgados duns meses que se tiñan que haber imputado no ano 2017 ou 2018, quedou sen amañar.
- No ano 2018 a FEGAMP a través da FEMP intentou negociar co Ministerio de Facenda a devolución deses importes.
- Que a eles pasáronlle estes días un informe do 2018, e dado como está a economía dos concellos, é un recurso que está ahí, o concello de Arzúa ao igual que outros concellos ten dereito a que se lles devolva, son case 59.000 euros que dan para investimentos , e renunciar a eles sería un pecado. Hoxe este acordo aprobábase en Lugo, e na Coruña non sabe se o levaron.

* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) expuxo:

- Que o desprazamento dunha mensuralidade do ive foi ocasionado por unha modificación do regulamento impulsado polo Ministro Montero, con efectos no ano 2017.
- Que esta situación creouna Rajoy e Feijoo, en ningún momento se reclamou nada, esta situación afecta o conxunto das comunidades autónomas de réxime común, están afectadas as comunidades autónomas gobernadas polo partido socialista, esta foi unha manobra política para prexudicar as comunidades autónomas que eran doutra cor, cando estaba gobernando Mariano Rajoy.
- A conclusión é que o problema creouno Montero no 2017 e a Xunta de Galicia non

alegou nada en ningún momento. Este contencioso afecta a todas las comunidades autónomas e xusto nove delas socialistas, non hai agravio ningún a Galicia.

- O PSOE intentou solucionalo nos orzamentos do 2019, que foron rexeitados co voto en contra de todos os deputados do partido popular, o goberno esta cumprindo unha lexislación herdada completamente do PP. Cómpre solucionar este tema herdado, pero no marco dos orzamentos de 2020, coa vía da reforma do sistema de financiación autonómica que está desfasadísima, polo tanto vaise abster porque posiblemente este tema levarase agora a cabo cos orzamentos de 2020, e espera que os deputados do partido popular voten a favor

* O Sr. Carril Ramos (do BNG) manifestou:

- Que van votar a favor desta moción, está lendo as propostas dos acordos que presenta a moción do partido popular e non se lle corresponde co que expuxo a concelleira do PSdeG-PSOE

- Que van votar a favor, porque o contido desta moción foi debatido na FEGAMP e foi acordado por todos os grupos políticos e é unha demanda xusta para os Concellos, correspóndelle os concellos a administración mais cercana a veciñanza eles saberán onde o poden investir.

- Que por outra parte extrañalles que o PP presente agora estas mocións, porque foi aprobado cando gobernaba o partido popular e era ministro o Sr. Montoro, o PSOE que está gobernando agora podería tomar cartas no asunto e intentar modificalo pero de momento non o fixo.

- Que nos orzamentos do estado do ano 2019 ía un apartado para correxir esta situación e o PP votou en contra, estaría ben que o partido PP e o PSOE, que son os partidos que gobernaron esta nación, se puxeran de acordo e empezaran a traballar para correxir estas deficiencias, que están a prexudicar os concellos, e mais os concellos pequenos como o noso, que non teñen uns grandes orzamentos.

*O Sr. Alcalde para indicar:

-Que aínda que está de acordo co que indicou o Sr. Carril Ramos o seu grupo vaise a abster, ten o acordo da xunta de voceiros da FEGAMP e no punto B fala dese tema, e non lle parece ben que sexa o propio partido popular o que presente esta moción, parécelle un pouco querer facerse coa medalla, non lle ve outro obxectivo.

-Que xa hai un acordo, o problema xerouno o partido popular, despois tratouse de correxir cos orzamentos de 2019 que ao final non foron apoiados, o que mais pesa para que o seu grupo se absteña e acordo da Fegamp que está acordado por todos os grupos políticos, e non hai necesidade de presentar as mocións nos concellos.

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación esta moción, aprobando a mesma por 5 votos a favor (2 votos dos concelleiros/as Partido Popular, 2 dos concelleiros/as do



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

BNG e 1 concelleiro de CxG) e 6 abstencións (5 CxG e 1 PSdeG-PSOE) , o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Declarar o apoio deste concello as reivindicacións da FEGAMP e da FEMP para que o Goberno de España ingrese ás entidades locais as contías do imposto sobre o valor engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Suministro Inmediato de Información (SII)

SEGUNDO.- Instar ao Ministerio de Facenda a que ingrese a este concello 58.720,37 euros en concepto de cantidade non liquidada de IVE correspondente ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Suministro Inmediato de Información (SII).

TERCEIRO.- Dar traslado destes acordos ao Ministerio de Facenda, a Xunta de Galicia, a FEGAMP e á FEMP.

6. DITAME DOS DOUS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2021

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión informativa de Asuntos do Pleno e Control de Xestión municipal de data 26/10/2020, no seguinte sentido:

PRIMEIRO: Designar como días festivos no termo municipal de Arzúa de carácter retribuído e non recuperable, para o vindeiro ano 2021, os seguintes días: venres 16 de xullo, por coincidir co día en que se celebra a festividade na honra á Virxe do Carme, luns 5 de abril, por coincidir co luns de Pascua.

SEGUNDO: Dar traslado dunha certificación do acordo á Xefa de sección do SMAC, da Xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, para que se proceda a inclusión dos dous días indicados como festivos de carácter local no Calendario Laboral do ano 2021

Indica a secretaria:

*Que os concelleiros do partido popular cando se votou dito acordo abstivéronse, e unha das concelleiras, Cristina Castro Pampín, que non forma parte de dita comisión presenta o día 28/10/2020 con nº de rexistro: 202099900000694, unha emenda a proposta de ditame de designación dos dous festivos locais, na cal sinala:

"Logo da celebración da Comisión informativa de asuntos do Pleno e Control de xestión municipal o pasado luns 26 de outubro, á que asistiron Rafael Rivadulla Varela e Jesus Gómez Camino, e vista a proposta por parte do goberno dos días festivos para o 2021, queremos facer unha emenda a dita proposta de ditame.

Tal e como se chegou a comentar no debate da proposta, consideramos que dadas as circunstancias do Covid, e da posible extensión do estado de alarma, ata polo menos o 9 de maio de 2021, que provocarán que os festivos nesas datas sexan case equiparables a días normais,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

cremos convinte estudar cambiar o luns 5 de abril a:

** 16 de agosto, luns, trasladando o día 15 Asunción da Virxe ou ben*

** 24 de xuño, xoves, de San Xoan.*

Presentamos esta emenda para o seu debate e votación"

-Unha vez lida dita emenda a secretaria indica, que se se aplica o Regulamento de Organización e funcionamento das entidades locais estamos ante unha emenda dun ditame de Comisión Informativa, o oportuno sería votar a emenda e se a emenda prospera votar o ditame emendado, como a emenda formula dúas datas, pódese votar a emenda con cada unha das datas a ver se prospera ou non , e despois centraríanse no debate do ditame rectificado ou non.

* O Sr. Carril Ramos (do BNG) manifesta que a data do festivo en agosto está ben para disfrutar do San Roque.

*O alcalde, o grupo de goberno estamos obrigados a facer unha proposta, tampouco temos ningún interese en mantela se se chega a un acordo, como sabedes en 8 parroquias de Arzúa celébrase a Santa María.

Procedese a votar a substitución do día 5 de abril polo 16 de agosto e despois, se prospera aprobábase finalmente o ditame coa rectificación.

Por unanimidade dos 11 votos dos membros presentes, procedese a cambiar a substitución do día 5 de abril de 2021 polo 16 de agosto de 2021.

Polo que se rectifica o ditame da comisión informativa quedando o punto primeiro de dito acordo da seguinte maneira: **PRIMEIRO:** Designar como días festivos no termo municipal de Arzúa de carácter retribuído e non recuperable, para o vindeiro ano 2021, os seguintes días: venres 16 de xullo, por coincidir co día en que se celebra a festividade na honra á Virxe do Carme, e o 16 de agosto de 2021.

Tras o exposto, o Sr. Alcalde someteu a votación o ditame modificado, por unanimidade dos membros presentes (2 votos dos concelleiros/as Partido Popular, 2 dos concelleiros/as do BNG e 1 concelleiro de CxG, 5 CxG e 1 PSdeG-PSOE) , o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO: Designar como días festivos no termo municipal de Arzúa de carácter retribuído e non recuperable, para o vindeiro ano 2021, os seguintes días: venres 16 de xullo, por coincidir co día en que se celebra a festividade na honra á Virxe do Carme, e o 16 de agosto.

SEGUNDO: Dar traslado dunha certificación do acordo á Xefa de sección do SMAC, da Xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, para que se proceda a inclusión dos dous días indicados como festivos de carácter local no Calendario

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Laboral do ano 2021

7.- DACION CONTA DECRETOS

De conformidade co disposto no artigo 42 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros do decretos do alcalde dende o nº 472/2020 de data 20 de agosto de 2020 ata o nº 545/2020 de data 23 de outubro de 2020.

8.- DACCION DE CONTA INFORME DE CONTROL FINANCEIRO A RENDIR A IGAE E LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2021. EXPTE N° 2020/X999/000099 E 2020/G003/000568.

Dáse conta de dito informe, asinado pola interventora con data 3/09/2020, cuxo contido é o seguinte:

“INFORME DE INTERVENCIÓN: Informe resumen anual control interno 2019

Expte Tedec: 2020/X999/000099

La intervención municipal, en virtud de las atribuciones de control citadas y establecidas en el artículo 213 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo y desarrolladas por el Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local; y, en atención a las facultades recogidas en el artículo 4.1.b).6º del Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula el régimen jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, debe emitir el siguiente:

INTRODUCCIÓN

PRIMERA. El control interno, regulado en el artículo 213 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales y desarrollado por el Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local, es el ejercido por las Entidades Locales respecto de su gestión económica, y en su caso, la de los organismos autónomos y de las sociedades mercantiles de ellas dependientes, en su triple acepción de función interventora, control

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

financiero y controles de eficacia y eficiencia.

Los resultados de dicho control interno, de acuerdo con el artículo 37 del referido Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local, deberán recogerse en el correspondiente informe resumen anual, con ocasión de la aprobación de la cuenta general. Conforme al mandato impuesto por el punto tercero de este mismo artículo, la Intervención General de la Administración del Estado dictó la Resolución de 2 de abril de 2020, por la que se establecían las instrucciones a las que ha de ajustarse el contenido, estructura y formato del informe resumen.

La que suscribe este informe, se ha incorporado al Ayuntamiento de Arzúa hacia finales de Abril de 2020, en conclusión, una vez se verifica que el informe especificado no había sido remitido a la Intervención General de la Administración del Estado, procede a revisar la información remitida en fecha 11.03.2020, al Consello de Contas de Galicia, a través de la página de rendición de información de entidades locales, con registro de entrada nº 202099900014680.

En su virtud, se emite el presente informe en el que se incluye la información ya remitida al órgano de control externo, y también se incluye el contenido del informe de dación de cuenta de resoluciones contrarias a los reparos efectuados por la intervención municipal, así como de anomalías detectadas en materia de ingresos para que sirva de resumen anual de los principales resultados obtenidos en las actuaciones inherentes a la función interventora y el control financiero para el ejercicio 2019 de esta Entidad.

SEGUNDA. La función interventora, que tiene por objeto controlar los actos, cualquiera que sea su calificación, que den lugar al reconocimiento de derechos o a la realización de gastos, así como los ingresos y pagos que de ellos se deriven, y la inversión o aplicación en general de los fondos públicos, se aplicó en esta Entidad en régimen de fiscalización plena según indica la interventora municipal en la información rendida al Consello de Contas en el apartado denominado “ sistema de control interno” en el que indica que no se está aplicando el régimen de fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos, y también indica que no se sustituye la fiscalización previa de derechos e ingresos por el control inherente a la toma de razón en contabilidad.

TERCERA. El régimen de control al que se encuentran sometidos los actos de la entidad local se identifica con el régimen ordinario, lo que también se indica en dicha información.

MEDIOS PERSONALES Y ORGANIZATIVOS

- A) Medios personales. La intervención del Ayuntamiento de Arzúa según se indica en la información remitida es la siguiente; como personal adscrito al órgano de intervención o equivalente, se encuentra previsto una plaza de un puesto del subgrupo C2 que se encuentra vacante y en referencia a si los medios personales son suficientes se hace constar lo siguiente (transcribo textualmente) ;

“El personal del departamento de intervención en manifiestamente insuficiente para el ejercicio de las funciones propias del departamento de intervención. Actualmente con el personal existente se dan muchas limitaciones para la puesta en marcha del ejercicio del control financiero. Se desarrolla plenamente la función de fiscalización y a de contabilidad. Sin embargo, la falta de medios personales impidió hasta el momento un ejercicio efectivo del control financiero en los términos del rd 434/2017”

- B) Medios organizativos y externos. No existe ningún comentario al respecto en el informe remitido al órgano de control externo, cabe indicar que los medios técnicos con que cuenta el Ayuntamiento son los que facilita la Diputación Provincial en referencia a su competencia de asistencia a Municipios, ya se viene advirtiendo desde mi incorporación que se debe poner en funcionamiento el módulo de gestión documental contable para firmar electrónicamente documentos contables así como para poner en marcha el circuito de conformidad de facturas electrónico, a través también de dicho aplicativo para adecuar la información en materia de período medio de pago, y para garantizar la efectividad de la firma de los documentos contables. También se debe poner en marcha el módulo de gestión de activos, con la carga de la información del inventario de bienes, para que contablemente se puedan contabilizar amortizaciones, e incluso la imputación de ayudas para la financiación de inversiones. Cabe indicar que se ha solicitado también a los servicios de la Diputación Provincial la habilitación para poder hacer un seguimiento de la recaudación, en relación a la gestión recaudatoria que se le ha delegado. Cabe indicar también que aunque se ha incluido en la relación de puestos de trabajo, tal y como obliga la Ley el puesto de Tesorero/a reservado a funcionarios de la Administración Local con habilitación nacional, el mismo no ha sido cubierto en el concurso unitario, en consecuencia dichas funciones vienen siendo realizadas por atribución de funciones temporal a un funcionario subgrupo A2, que entre sus funciones tiene las referidas a materia de personal, además de apoyo a Tesorería, ello conlleva que no se vengán realizando funciones reservadas en la normativa, referidas a la planificación de la Tesorería. Según lo indicado por la anterior interventora (lo que comparto) no se dispone de medios suficientes y capacitados para realizar actuaciones de control en materia financiera y auditoría, procedería pedir que la Diputación pudiera asumirlo para Ayuntamientos de menos de 20.000 habitantes o valorar contratación externa en la medida que permita la legislación, cabe indicar que en materia de subvenciones cabe dicha posibilidad, porque la Diputación Provincial a aprobado recientemente la asunción de dichas funciones.

ALCANCE DEL INFORME

Dada mi reciente incorporación al Ayuntamiento procedo a transcribir el contenido de la información remitida por la anterior interventora, a estos efectos procedo a transcribir parcialmente la acta del pleno en el que se dio cuenta del informe emitido por dicho órgano en cumplimiento del artículo 218 del TRLFL (procedo a transcribir);

“A) INFORMES EN MATERIA DE GASTOS

Los reparos suspensivos emitidos en 2019 y enviados al Tribunal de Cuentas son:

8) DACIÓN CONTA INFORME REPARAROS INTERVENCIÓN 2019

Dáse conta de dito informe asinado pola interventora municipal con data 24/02/2020, cuxo contido é o seguinte:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA ALCALDÍA CONTRARIAS AOS REPAROS FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO ANO 2019, ASÍ COMO AS PRINCIPAIS ANOMALIAS EN MATERIA DE INGRESOS

Olga Castro Fernández, interventora do Concello de Arzúa, en cumprimento do disposto no artigo 218 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, e visto o artigo 15.6 do Real Decreto 424/2017, de 12 de maio, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, en relación ao asunto de referencia emite o seguinte

INFORME

O artigo 15.6 do Real Decreto 424/2017, de 12 de maio, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local establece:

“Con ocasión de la dación de cuenta de la liquidación del presupuesto, el órgano interventor elevará al Pleno el informe anual de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, o, en su caso, a la opinión del órgano competente de la Administración que ostente la tutela al que se haya solicitado informe, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice. El presidente de la Corporación Local podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación”

Co fin de dar cumprimento ao disposto neste artigo elévase ao pleno a relación de resolucions de alcaldía contrarias aos informes de reparo emitidos por esta intervención no ano 2019 en materia de

gastos.

A) Resolucións adoptadas polo Presidente da Corporación contrarias aos reparos efectuados.

Os informes de reparo dos que se da conta foron emitidos no ano 2019 e traen causa dos seguintes feitos:

1.- Durante o ano 2019 aprobaronse facturas relativas a servizos, e suministros de combustibles, enerxía eléctrica e servizos de telefonía, respecto dos cales se constatou nuns casos a omisión de requisitos e trámites esenciais por ausencia de procedemento de contratación conforme aos procedementos establecidos na lexislación de contratos do sector público, e noutros casos tramitáronse facturas correspondentes a servizos prestados fora do período de vixencia dos respectivos contratos sen que se producira unha nova adxudicación do servizo; polo que en aplicación do artigo 215 do TRLRFL formulouse reparo de legalidade ao recoñecemento da obriga, determinando a suspensión da tramitación do expediente de gasto.

Nas resolucións que se indican no cadro do anexo, a alcaldía resolveu as discrepancias plantexadas e procedeu á aprobación das facturas coa seguinte motivación:

“Examinadas as facturas seguintes, que foron presentadas polas persoas e entidades que a continuación se relacionan, procederase a impartir instrucións co obxecto de tramitar os expedientes de contratación oportunos para cubrir os servizos necesarios que non estén amparados nun contrato vixente e debidamente formalizado. Non obstante, e xa que non se efectuou reparo no relativo á comprobación da efectiva prestación dos servizos facturados, o pago é obrigado para evitar unha situación de enriquecemento inxusto por parte da Administración”.

As facturacións de servizos e suministros prestados sen un previo contrato administrativo formalizado conforme aos procedementos de contratación establecidos no texto refundido da Lei de contratos do sector público, foron emitidas pola prestación de:

1. servizos de telefonía e internet,
2. suministro de enerxía eléctrica,
3. mantemento de alarmas e extintores,
4. suministro de combustibles a vehículos e dependencias municipais,
5. xestión do punto limpo e recollida de voluminosos,
6. servizos de banda ancha en locais sociais,
7. servizo de mantemento de equipos ofimáticos,
8. servizos de talleres de danza e baile e manualidades en cultura,
9. servizo de limpeza de contedores soterrados
10. suministros de materiais de oficina
11. servizo de limpeza de edificios e instalacións
12. servizo de axuda no fogar

A identificación do número de factura, importe, proveedor e aplicación orzamentaria figura detallada en

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

cada unha das resolucións que se indican no anexo I deste informe.

Igualmente emitiuse reparo á tramitación de diversos gastos contidos en relacións contables de facturas, correspondentes a contratos menores, respecto dos cales se constata a ausencia do informe de necesidade, do informe e que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e a acreditación de que co contratista proposto non hai suscritos contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra do contrato menor.

2.- Ademais de polos motivos anteriores, motivou a formulación dun informe de reparo a proposta de adxudicación do servizo de axuda no fogar á ASOCIACIÓN AGASFAD na modalidade de contrato de emerxencia, ao entender que non se cumpren todos os requisitos legais previstos na normativa de contratación para a utilización da tramitación de emerxencia.

3.- Foi formulado un informe de reparo á aprobación do gasto e compromiso de gasto derivado da proposta de concesión das axudas para festas patronais, ao estar presentada a documentación de subsanación da axuda fora de prazo, xa que en aplicación do establecido na Lei 39/2015, ao non acceder á notificación electrónica en prazo considerase rexeitada.

B) Anomalías en materia de ingresos

No exercicio 2019 esta intervención no exercicio da función fiscalizadora, non detectou anomalías importantes, e se emitiu ningún informe de reparo en materia de ingresos sometidos a fiscalización previa, sen prexuízo das futuras comprobacións que podan facer.”

ANEXO I

| Nº | Data do reparo | Data da resolución | NÚMERO DE RESOLUCIÓN | Importe (€) do gasto afectado polo reparo | Expediente |
|----|----------------|--------------------|----------------------|---|------------------|
| 1 | 31/01/2019 | 31/01/2019 | 74/2019 | 27149,38 | 2019/G003/00076 |
| 2 | 21/02/2019 | 22/02/2019 | 151/2019 | 21050,07 | 2019/G003/000152 |
| 3 | 21/02/2019 | 21/02/2019 | 150/2019 | 20630,46 | 2019/G003/000241 |
| 4 | 20/03/2019 | 21/03/2019 | 217/2019 | 37787,85 | 2019/X999/000016 |
| 5 | 27/03/2019 | 27/03/2019 | 226/2019 | 43540,59 | 2019/G003/000247 |
| 6 | 01/04/2019 | 02/04/2019 | 237/2019 | 8887,58 | 2019/G003/000258 |
| 7 | 08/04/2019 | 08/04/2019 | 254/2019 | 25506,58 | 2019/G003/000284 |
| 8 | 09/04/2019 | 09/04/2019 | 260/2019 | 18333,93 | 2019/G003/000277 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

| | | | | | |
|----|------------|------------|----------|---|--|
| 9 | 22/04/2019 | 23/04/2019 | 278/2019 | 22924,12 | 2019/G003/000305 |
| 10 | 25/04/2019 | 25/04/2019 | 285/2019 | 6028,80 | 2019/G003/000307 |
| 11 | 09/05/2019 | 09/05/2019 | 316/2019 | 26971,10 | 2019/X999/000047 |
| 12 | 21/05/2019 | 16/05/2019 | 334/2019 | 23637,21 | 2019/G003/000368 |
| 13 | 16/05/2019 | 20/05/2019 | 338/2019 | 16163,38 | 2019/G003/000373 |
| 14 | 30/05/2019 | 30/05/2019 | 404/2019 | 19366,21 | 2019/G003/000404 |
| 15 | 14/06/2019 | 14/06/2019 | 406/2019 | 12096,15 | 2019/G003/000447 |
| 16 | 17/06/2019 | 18/06/2019 | 411/2019 | 20146,59 | 2019/G003/000607 |
| 17 | 02/07/2019 | 04/07/2019 | 464/2019 | 39429,55 | 2019/G003/000498 |
| 18 | 31/07/2019 | 31/07/2019 | 511/2019 | 45326,26 | 2019/G003/000568 |
| 19 | 29/08/2019 | 30/08/2019 | 546/2019 | 4835,40 | 2019/G003/000607 |
| 20 | 30/08/2019 | 30/08/2019 | 547/2019 | 75048,76 | 2019/G003/000608 |
| 21 | 26/09/2019 | 26/09/2019 | 597/2019 | 6443,54 | 2019/G003/000665 |
| 22 | 02/10/2019 | 03/10/2019 | 617/2019 | 50897,13 | 2019/G003/000679 |
| 23 | 09/10/2019 | 09/10/2019 | 636/2019 | 21661,27 | 2019/G003/000706 |
| 24 | 15/10/2019 | 15/10/2019 | 655/2019 | 450 | 2019/G003/000729 |
| 25 | 29/10/2019 | 29/10/2019 | 698/2019 | 3587,19 | 2019/G003/000777 |
| 26 | 04/11/2019 | 04/11/2019 | 714/2019 | 65516,89 | 2019/G003/000789 |
| 27 | 25/11/2019 | 25/11/2019 | 763/2019 | 26537,43 | 2019/G003/000843 |
| 28 | 09/12/2020 | 09/12/2020 | 842/2020 | 53248,92 | 2019/G003/000919 |
| 29 | 21/12/2020 | 23/12/2020 | 880/2019 | 50268,83 | 2019/G003/000965 |
| 30 | 24/12/2012 | 26/12/2020 | 885/2019 | 11527,82 | 2019/G003/000976 |
| 31 | 27/12/2019 | 27/12/2019 | 894/2019 | 13066,08 | 2019/G003/000986 |
| 32 | 30/12/2019 | 30/12/2019 | 3/2020 | 15271,42 | 2019/G003/000989 |
| 33 | 30/12/2012 | 30/12/2012 | 4/2020 | 886,71 | 2019/G003/000990 |
| 34 | 28/05/2019 | 29/05/2019 | 363/2019 | 524880 € (2916 horas mensuais *15 €/hora) | Contratación por emerxencia do servizo de axuda no fogar |
| 35 | 28/05/2019 | 29/05/2019 | 855/2019 | 3200 € | Concesión subvencións para festas en barrios e parroquias” |

Dándose por enterados de dito informe os trece membros que forman esta corporación local.”

Procede indicar que en materia de gestión del personal, resulta necesario reducir la temporalidad en la ocupación de puestos, a estos efectos, vista la habilitación dada por las leyes de presupuestos generales del estado debiera haberse procedido a incluirse en la oferta de empleo público las plazas de puestos en

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

los que la ocupación de los mismos cumple los requisitos que se determinan en dicha norma para solucionar el problema de la consolidación del empleo temporal de manera irregular.

En materia de expedientes de aprobación y concesión de subvenciones, deberá ser aprobado un plan estratégico de ayudas, al igual que se debe primar la concesión de ayudas mediante procedimientos en los que se dé concurrencia.

En referencia a los expedientes de contratación debe ir poco a poco regularizándose, procediendo a tramitar expedientes de contratación con procedimientos adecuados a lo establecido normativamente, y reducir al mínimo la contratación menor, y en caso de recurrir a la misma, definir bien los objetos contractuales y dar publicidad para garantizar la concurrencia para dar cumplimiento a los principios reguladores de la contratación pública, en caso de no poder hacerlo justificarlo en el expediente.

B) INFORMES EN MATERIA DE INGRESOS.

Según se indica en el informe de dación de cuenta al Pleno, no se realizaron informes en materia de ingresos al no detectarse ninguna anomalía que fuera necesario reseñar.

ANEXO

SITUACIONES A CORREGIR QUE REQUIEREN PLAN DE ACCIÓN

Adecuación de los instrumentos de gestión de personal (RPT), y solución de la temporalidad en la ocupación de las plazas de diferentes puestos y solucionar problemas provisión de plazas de puestos.

Aprobación de criterios de reparto de productividad.

Solicitud de auxilio de materia de control interno a Diputación Provincial o su contratación externa.

En contrataciones irregulares prescindiendo totalmente del procedimiento legalmente establecido, proceder a regularizar las contrataciones.

Expediente de contrato menor, adecuado a las exigencias del artículo 118 LCSP, reduciendo su utilización a los supuestos en que sea imprescindible y tratando de dar publicidad para garantizar la concurrencia, siempre que sea posible.

Fórmulas eficientes de control de servicios externalizados, en especial de las concesiones

Tramitación y aprobación de un Plan de Tesorería.

Poner en marcha la firma electrónica de documentos contables y conformidades así como la puesta en marcha del módulo de gestión de activos para adecuada contabilización amortizaciones así como de imputación a resultados de ayudas destinadas a la financiación de inmovilizado.

Aprobar Plan Anual de Control financiero.

De este informe se debiera dar traslado a la Alcaldía para su remisión al Pleno de la Entidad Local y a la Intervención General de la Administración del Estado en el curso del primer cuatrimestre del año, como consecuencia de la declaración del Estado de Alarma y el cambio de la persona que ocupa el puesto de Intervención, no habiendo verificado antes su falta de remisión, procede a remitirse ahora, con las

limitaciones que se reseñan a lo largo del informe, y haciendo remisiones a los informes emitidos anteriormente por la anterior ocupante del puesto.

Siendo el resultado del control permanente: Con efectos informativos.

Este es el informe que se emite por la Intervención en la fecha de la firma electrónica, y que se remite a la Alcaldía, para que con su firma garantice que conoce su contenido.”

Quedando enterados todos os membros integrantes do pleno de dito informe.

Antes de pasar a rolda de Rogos e Preguntas, pregunta o alcalde se en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro, se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Manifesta a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) :

- Que lle gustaría presentar unha moción relativa a atención primaria nos centros de saúde, polas consecuencias que está tendo para a saúde as consultas non presenciais, é o motivo da urxencia e que é un problema moi pronunciado agora mesmo.

Tras a explicación da Sra. Balado Conde, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora sobre esta moción, por 8 votos a favor (2 BNG, 5 AxA e 1 PSdeG) e 3 en contra (1CxG e 2 do PP) adoptouse considerar xustificada a urxencia; polo que, en consecuencia, procedeuse a súa lectura e debate .

A concelleira do PSdeG-PSOE pasa a ler dita moción, cuxo contido é o seguinte:

“Moción que presenta o grupo socialista ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), relativa á sanidade, para a súa consideración, debate e posterior aprobación polo Pleno do Concello de Arzúa.

Despois da primeira onda da pandemia provocada pola COVID as medidas sanitarias e sociais implantadas están recibindo un tímido apoio por parte da Xunta de Galicia. Esta situación está a dificultar a maior eficacia posible ante a nova onda, e o sistema sanitario público de Galicia está ante un novo reto que afrontar en condicións limitantes.

A inconcreción sobre o número de rastreadores existentes non SERGAS, sobre os que Núñez Feijoo afirmou que Galicia tinga máis de 6000 pero dende a Consellería de Sanidade se lembrou despois que “non podíase dar un número exacto porque non hai contratos con esa figuran ningún profesional”, provoca que Galicia sexa a Comunidade Autónoma que peor datos rexistra sobre coñecemento da orixe dos contaxios, non identificando 2 de cada 3 orixes de infección do COVID.

As políticas de recortes dous últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave non sistema sanitario público. Esta é a terceira peor CCAA de España en cociente de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media Española ao redor de 480, segundo o

informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira CCAA con peor cociente de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está con 5,9 e a europea preto do 8). Temos a peor cociente de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90% de prazas de atención primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98% (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría)

A pesar diso, nos últimos 10 anos Galicia deixou de formar a 150 médicos de familia e comunitarios, dos que puideron ser solicitadas prazas MIR e non se fixo. O ano pasado, a partir da chegada do goberno de Pedro Sánchez, foron concedidas a Galicia o maior número de prazas MIR da historia, tamén no específico de medicina de familia e pediatría.

Con todo isto a atención primaria, que leva anos sendo obxecto de numerosas reclamacións, ve como os centros de saúde permanecen maioritariamente pechados e a atención telefónica pretende cubrir a asistencia sanitaria maioritaria. Con isto os pacientes crónicos están tendo dificultades para ser atendidos, e mesmo están existindo problemas para conseguir citas para renovación de receitas para os seus tratamento. Numerosos colectivos médicos están amosando o seu malestar, e como conxunto de todas as súas reivindicacións o maior sindicato médico de Galicia (CESM) ven de iniciar unha folga indefinida nalgúns días de traballo para reivindicar melloras nas condicións laborais e de asistencia.

É preciso recuperar toda a atención presencial posible, porque non é substituíble pola atención telefónica (nos casos en que esta poida conseguirse). Os anuncios do goberno da Xunta de Galicia, nomeadamente por parte de Núñez Feijoo, de que a atención sanitaria debe tender a ser telemática causan moita incerteza.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Arzúa somete a votación a seguinte MOCIÓN para ser aprobada en Pleno:

O Pleno do Concello de Arzúa insta o Goberno da Xunta de Galicia a:

1. Iniciar a recuperación da atención primaria presencial para poder ofrecer a mellor calidade asistencial posible.
2. Abrir un proceso de recuperación dos profesionais perdidos nos últimos anos, con especial atención a atención primaria garantindo a cobertura e substitucións dos profesionais dos centros de saúde para non afastar a asistencia da cidadanía"

Interveñen:

* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) explicou, que a forma de funcionar a atención primaria ven imposta desde a Xunta, o que está a causar moitos problemas de saúde, ela coñece moitos casos, coa situación do Covid está causando que a atención primaria estea moi lonxe do que todos desexamos, están causando moitos problemas a xente que ten problemas de saúde, os cales se agravan a non ter unha consulta presencial.

* O Sr. García Vázquez (CxG) indica que, ve unha contradición entre o que di Madrid e o que di Arzúa, en Madrid dise que o contaxio provocase pola comunicación entre persoas, se volvemos achegar a xente os centros de saúde amontoarase alí.

*O Sr. Carril Ramos (do BNG) indica:

- Que se aleda moito de que a concelleira do PSdeG-PSOE presentara esta moción, no pleno anterior eles fixeran un Rogo de que se fixeran as xestións pertinentes para mellorar esta situación, pero se houbo un grupo político que dou a cara nesta situación

foi o BNG, que non é un problema de agora, senón que é un problema que se ven arrastrando dende antes do Covid, pero algunha xente criticounos moito cando presentamos reclamacións ao funcionamento da sanidade no noso país en concreto no Concello de Arzúa, el viviu de forma persoal e familiar, e funciona moi mal e mentres se aplaudía a xente que nos criticaba.

- Quere dicirlle o Sr. Rivadulla Varela que comentaba nas redes que era un ignorante por non saber chamar por teléfono, pero agora hai moitos mais ignorantes no noso pobo e no noso país que coma el non deben saber chamar por teléfono porque non llo collen, so a el llo collen a primeira.

- Que están a favor do que pide esta moción porque xa veñen reclamando hai moito tempo, tanto aquí como no parlamento para que se ofrezca a mellor calidade posible, evidentemente ninguén pode estar en contra. A atención presencial entenden que é moito mellor que a outra atención.

-Que o que está pasando coa sanidade no noso país, , ti pides unha consulta telefónica despois de moitos traballos a páxina de internet a maioría das veces non está operativa, tes que chamar o 902 que cobran por chamar, a sanidade en Galicia esta facendo cartos a conta dos doentes, a consulta telefónica no seu caso non val para nada, despois tes que ir dentro de 15 días a consulta presencial e despois de remitirte a onde te teñen que remitir mandante a outra consulta, por todo iso van votar a favor.

* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) indicou:

-Que hai que diferenciar dúas cousas o que é atención primaria e o tema de hospitalización, que dentro do que cabe ésta está a funcionar relativamente ben, efectivamente os centros de atención primaria non funcionan ben, que da fe que ten chamado e que lle colleron, pero tamén da fe que hai moita xente que chama e non lle collen o teléfono e non é porque o persoal estea ocupado senón que está libre.

-Que dáse casos de médicos que atenden en toda a mañá catro persoas e outras tantas por telefono e xa non se dan mais citas, non é un problema só de Galicia senón a nivel de toda España.

- Que os que teñen mais contacto cos sindicatos poden preguntar a ver o que pasa, pero isto chamase folga encuberta, o que hai detrás e que se quere cobrar algo mais.

* O alcalde manifestou:

- Que malos profesionais hai en todos os gremios pero de ahí a dicir que están en folga encuberta.

- Que o seu partido vai votar a favor, e con respecto o que indicou o concelleiro de CxG, unha cousa e recuperar todas as citas presenciais e outra e que haxa un termo medio. O mesmo que no Concello estámonos adaptándonos a situación segundo se vai dando, os centros de saúde tamén o poden facer, aínda que é complicado no caso de

enfermeiros con enfermidades crónicas que por non ter unha atención presencial esa enfermidade pódese ir agravando, por teléfono non se pode saber a evolución desa enfermidade.

* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) indicou:

- Que non está en contra do persoal dos centros médicos de Galicia, porque o 90% estao pasando mal con esta situación, e non está ninguén en folga encuberta, o que seguen é unhas pautas que lles dan dende o Sergas de cómo realizar o seu traballo, as citas presenciais non poden ser como eran antes coa que está caendo, pero si que para enfermos crónicos deberíase dar outro tipo de atención.

*A Sra. López Sobrado (do BNG) manifestou:

- Que lle parece moi grave a exposición que acabou de facer o voceiro do PP, cando hai catro meses estabamos aplaudíndolle os sanitarios nas ventás, e o PP con todo o cinismo tamén participaba neses aplausos, temos un persoal na sanidade pública que está exhausto leva meses dando todo e leva moitos anos movilizándose porque a situación non da mais de si.

-Que o único que está claro e a folga de ruta do PP, que foi o progresivo desmantelamento da sanidade pública, e a día de hoxe con esta situación de pandemia, que ninguén contaba con ela, temos as consecuencias dese desmantelamento.

-Que cre que as declaracións do voceiro do PP en Arzúa, cando menos vainas facer chegar ao Parlamento de Galicia, porque cando se poñen na tribuna a dicir, como o presidente da xunta, a marabilla que temos de sanidade e a loubar os sanitarios, e o Sr. Rivadulla Varela ven a dicir aquí semellante barbaridade parécelle moi grave.

* O alcalde expón que o que mais lle preocupa de todo isto é que esta situación veña para quedar

*O Sr. Rivadulla Varela (do PP) comentou:

- O primeiro punto da moción que fala de recuperar a atención primaria presencial para poder ofrecer a mellor calidade asistencial posible, na intervención que fixo antes non se explicou, o que lle parece lóxico, non entende porque os sanitarios poden ter un risco maior que outra xente, porque hai moita poboación que ten que atender a xente presencialmente, o colectivo que non teña un risco especial, e un tema de sindicatos, a Xunta quererá que a atención sexa presencial na medida do posible, garantindo o estado de cada un dos profesionais que teñan que atender a estes enfermos, obviamente canto maior asistencia presencial haxa para a Xunta mellor.

- Que do tema da folga xa non comenta nada.

- Que os sindicatos están a favor da atención presencial.

*A Sra. Balado Conde, indica que non son os sindicatos os que puxeron esta normativa de asistencia presencial ou non, tampouco di que todas as consultas sexan presenciais porque é imposible, pero un pouco mais si, e isto non é cousa dos sindicatos senón do Sergas, os sindicatos están reclamando mais consultas presenciais.

* O Sr. Carril Ramos indica:

- Que a xestión depende da Xunta, se fose unha empresa privada, que ten un traballador que ten que atender o teléfono e lle fan chamadas e non as atende, ese traballador terá unha sanción, as folgas encubertas neste país non están autorizadas.
- Que no seu caso foi a unha consulta que lle pedira o seu médico de cabeceira, foi o centro de Arzúa a un médico que me atendeu estupendamente pero que levaba traballando 36 horas seguidas, era o único médico que había no centro ese día o cal non era o seu médico, pero atendeuno pero o equipo informático non lle funcionaba, polo que o mandou para a casa e díxolle que xa o chamaria e chamouno, polo que non é problema de folga encuberta ningunha, o problema é que a sanidade non funciona e non hai interese en que funcione e iso ten unha tendencia de ir privatizando servizos.

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación esta moción, e por 8 votos a favor (2 concelleiros/as BNG, 5 concelleiros/as AxA e 1 concelleira do PsdeG) 1 abstención do concelleiro de CxG e 2 votos en contra dos concelleiros/as do PP, o Pleno municipal

ACORDOU:

Instar o Goberno da Xunta de Galicia a:

PRIMEIRO.-Iniciar a recuperación da atención primaria presencial para poder ofrecer a mellor calidade asistencial posible.

SEGUNDO.- Abrir un proceso de recuperación dos profesionais perdidos nos últimos anos, con especial atención a atención primaria garantindo a cobertura e substitucións dos profesionais dos centros de saúde para non afastar a asistencia da cidadanía”

*Indica o Sr. Carril Ramos:

- Que o seu grupo vai presentar unha moción por urxencia da cal todos os concelleiros teñen copia, de dita moción fíxose unha pequena corrección da cal xa se lle dou copia correxida os concelleiros na comisión informativa de asuntos do pleno
- Que presentaron por rexistro esta moción despois de que se convocaran as comisións para o pleno.
- Que o tema da modificación é a ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización de edificios, locais e instalacións municipais, motiva a súa urxencia porque é unha

ordenanza que está a ter problemas, xa se falou deste tema no pleno anterior, e como se está a comenzo de cursos de agrupacións culturais, poderíase correxir no orzamento para que antes de finais de ano poder correxila porque é un pouco enrevesada.

*O alcalde indica:

- Que hai uns meses o PP presentara unha moción para modificar unha ordenanza fiscal, e naquel momento díxerase que ese tema non debería ir a través dunha mocion, non ten problema en tratar ese tema ben a través dunha xunta de voceiros ou doutra maneira.
- Que coa modificación do Regulamento orgánico fíxose unha modificación de que por parte do goberno se expoñan as ordenanzas e despois se poidan facer as adendas que se consideren oportunas .

*O Sr Carril Ramos manifesta:

- Que no mes de febreiro trouxeran o pleno unha moción cos termos parecidos a que agora presentan, naquel momento non se debatera, porque se estaba coa modificación do ROM e se dixera que se tiña que esperar a que se modificase e agora que está aprobado non entende cal é o motivo de que non se poida admitir esta moción de urxencia.
- Que non é de recibo é o que dixo o outro día a secretaria, que hai dous baremos para valorar as solicitudes un mais enrevesado e outro máis fácil, que baremo se segue o fácil o difícil, hai que solicitar cun mes de antelación, tardase 3 meses en contestar a algunha asociación, a dita asociación costalle 6.000 euros o ano impartir as clases, hai unha asociación de bombeiros de Galicia que teñen a súa sede en Galicia que se foron a Ferrol, porque teñen mais facilidades.
- Que as asociacións soliciten locais para dar cursos xera unha riqueza para o turismo e para o comercio xa que esa xente pasa dous ou tres días nesas vilas.
- Que o regulamento de uso de instalacións deportivas é moito mais sinxelo que este, non sabe cal será o problema de deixar sen efecto esta ordenanza mentres non se acorde modificala, estivo lendoa estes días un pouco e é moi engorrosa, moi difícil de interpretar pódese saír por un montón de tanxentes e esa e a súa proposta.
- Que se o concello de Arzúa está gastando diñeiro en cultura, que lle parece moi ben, e por outra parte estase cuartando as asociacións culturais de aquí, que terán que ir para outros sitios polas pegadas que se lle poñen aquí, o que parece e que se quere recadar coas asociacións do municipio para pagar os grupos culturais de fora. Esa é a súa proposta.

* A secretaria explica:

-Que hai que votar a urxencia, pero hai que concretar varias cousas, é certo que ao PP díxoselle no seu momento que a modificación dunha ordenanza fiscal non se pode traer directamente a un pleno sen que exista un expediente administrativo, pode facerse un rogo de inicio dun expediente de modificación orzamentaria.

- Que por un lado está a ordenanza de regula a cesión do uso e por outro lado a ordenanza fiscal que establece a taxa polo uso de ditos locais, e pensa que a moción ia referida a ordenanza fiscal.

- Que agora débese votar a urxencia, pero dende o punto de vista xurídico considerase que se está ante un rogo mais que ante unha moción, e non se pode directamente a través dunha moción modificar unha ordenanza, xa que con leva unha serie de trámites como serían: proposta da alcaldía, participación pública, exposición coa modificación, informes dos departamentos correspondentes, ditame de comisión informativa etc...

* O Sr Carril Ramos (BNG) indicou:

- Que non propoñen que se aprobe unha ordenanza, propoñen uns puntos que se se aproba a urxencia pasaríaos a ler para tomar cartas nese asunto

- Que vai ler un whatsapp que lle enviaron como participante duns cursos destas asociacións, di *"sentimos o retraso do inicio da actividade deste novo curso, dende o concello solicitaron documentación da asociación para cobrar polo uso dos locais, xa que a nova secretaria vai poñer en marcha a ordenanza que estaba publicada dende anos atrás, estamos a espera de que emitan os informes pertinentes para que nos autoricen a facer uso dos mesmos, contamos con poder iniciar en novembro"*.

*A secretaria explicou:

- Que lle chegou unha solicitude a secretaria para a súa tramitación, fixo o informe correspondente de se existía prazo ou non para esa tramitación e impulsou o procedemento, aplicou a ordenanza a cal pensa que estaba para aplicar, se ben e certo que a ordenanza preve algunhas exencións, non todo o mundo ten que pagar taxa.

O alcalde indica:

- Que van votar en contra da urxencia, mais que nada polo que se lle dixera o PP cando presentou a súa moción

Este e un tema interesante para traballar sobre el nunha xunta de voceiros e chegar a un acordo o antes posible, e traer unha modificación para o vindeiro pleno se é posible.

- Que hai cousas que non lle gusta tratar no pleno, porque hai que tratar casos concretos de distintas asociacións, non hai problema en que se propoña celebrar unha xunta de voceiros para tratar este tema e chegar a un acordo.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora sobre esta moción, por 8 votos a en contra (2 PP, 5 AxA e 1 PSdeG) e 3 votos a favor (1CxG e 2 do BNG) adoptouse non considerar xustificada a urxencia de tratar agora a moción presentada polo BNG.

*A Sra. Balado Conde indica que si que está a favor de ter unha xunta de voceiros para poder arranxar este tema que é unha historia moi rollenta, e que se tome unha decisión favorable para todos e para Arzúa tamén.

*O alcalde indica:

-Que no anterior pleno xa se falou de que era necesaria a modificación desa ordenanza, sobre todo porque o seu procedemento é complicado, os locais sociais teñen a súa propia entidade e non é o mesmo regular para uso do multiusos que para locais sociais, como se hai que facer dúas ordenanzas para regular as características dos locais sociais.

- Que respecto a ordenanza fiscal haberá que chegar a un acordo, terá que falar dos problemas cos que se atopa cada día con respecto a iso, e tratar a conveniencia ou non de cobrar algo.

- Que pódese comprometer en convocar unha xunta de voceiros para a vindeira semana.

- Que con respecto a suspensión tería que preguntar porque non sabe se podería ser ou non.

* Que a Sra. López Sobrado (do BNG) solicita con urxencia a convocatoria dunha xunta de voceiros.

* Que o Sr. Rivadulla Varela (PP) indica:

- Que ten unha moción para que o concello de Arzúa inste ao goberno de España a aprobar de maneira urxente unha lei que garanta o dereito constitucional a propiedade privada e combata eficazmente a ocupación ilegal de vivendas.

- Que o motivo da urxencia é que recentemente o partido popular no congreso dos deputados presentou unha proposición de lei orgánica e necesitan o apoio para que esta proposición poida saír adiante, no últimos anos non houbo moitas denuncias por ocupación na moción indicase que entre o ano 2013-2018 houbo 7.739 casos denunciados pasaronse a 12.214 anualmente, nos primeiros meses deste ano xa houbo mais de 7.000 denuncias e suponse que ira medrando nos vindeiros meses.

* O Sr. Alcalde indica, que non sabe o que van opinar respecto a este tema o resto dos grupos, pero o que ten lido sobre eso hai datos un pouco contraditorios, non lle queda

moi xustificada a urxencia de tela que tratar neste pleno, non sabe se se poderá tratarse noutro pleno, porque necesita ter mais datos do tema para mirar que postura tomar

* A Sra. Balado Conde (PSdeG) indica:

- Que xa se fixeron modificacións con respecto a este tema desde o goberno central, está en contra totalmente da ocupación ilegal das vivendaz, pero vaise abster xa que non sabe moi ben de que vai a moción xa que na leu
- Que en Arzúa non creo que haxa moitos ocupas, o goberno do estado xa cambiou a normativa e está actuando a policía.

* O Sr. Carril Ramos (do BNG) indica:

- Que vai votar en contra da urxencia desta moción, porque a maior parte das ocupacións que está habendo no noso país son polos bancos, nos votariamos a favor de estar en contra dos desahucios como nesta semana que votaron a rúa a unha muller con cinco nenos pequenos.
- Que o partido popular gobernou moitos anos e tivo ocasión de legislar isto doutra maneira, e de todos modos hai unha lexislación vixente.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora sobre esta moción, e por 7 votos a en contra (5 AxA e 2 BNG) e 2 abstencións (1CxG e 1 do PSOE) e 2 votos a favor dos concelleiros do PP, non se considera xustificada a urxencia para o tratamento e votación da moción presentada polo PP.

ROGOS E PREGUNTAS.

* O Sr. García Vázquez (CxG) fai os seguintes **ROGOS**:

- Que se arranxe a a fonte da Quenlla xa que está a perder o caudal por varias vías.
- Que se preste atención as obras que se están a acometer sen licenza, en moitos casos obras pequenas.

Tamén fai a seguinte **PREGUNTA**, o asfaltado de acceso a autovía está empezando a levantarse e é moi recente ¿Hai un seguro ou algunha cobertura?

* O Sr. Carril Ramos (do BNG) fai os seguintes **ROGOS**:

- 1º.- Que o concello se dirixa a Delegación do Goberno para que se amplie a prorroga da ITV dos vehículos agrícolas, cre que segue vindo a Arzúa unha empresa que

pasaba esta ITV, pero parece ser que os contratos van vencer agora en novembro, sería un prexuízo para a xente que teña maquinaria pesada desprazarse a Santiago,Lugo etc, acarrearíalles un prexuízo, parece ser que van pasar a ITV a outro tipo de vehículos, e que se pida que se instale tamén para vehículos industriais.

-Que xa que se renovou a web, estaría ben que se actualizasen os contidos que hai nela, o ROM que está colgado non é o que está en vigor, tamén que se revisen as actas dos plenos que están colgadas, porque algúns arquivos están en branco, como é o caso da acta de 5 de setembro e do 19 e que se actualicen as de 2020.

-Que se vote man do servizo de normalización lingüística co que conta o concello, ou que se pida axuda o servizo da deputación se é necesario, para que deixen de xerarse documentos integramente en castelán, ou en castrapo, no caso da conta xeral, que nos foi remitada recentemente entre outros, estaría ben que o concello dese exemplo niso e se foran correxindo esas deficiencias.

- Instar o Concello de Arzúa, que no anterior pleno xa se tratou do servizo de autobuses que ia a Coruña, pero agora temos coñecemento doutra situación, que e da liña que vai de Santiso a Coruña que pasaba por Arzúa, a día de hoxe está na mesma situación co que viña de Vila de Cruces afectado polo novo plan de transportes da Xunta de Galicia, e sen saber que vai a acontecer con ela despois de xaneiro de 2021.

Tamén o Sr. Carril Ramos (BNG) realiza as seguintes **PREGUNTAS:**

1.- Que levan facendo hai tempo, e queren que lles diga dunha vez, porque xa o solicitaron en varias ocasións o número de solicitudes de licenza de obra que se rexistraron no concello e cantos expedientes deses están en trámite, non só as que teñen concedida ou denegada licenza.

2.- Cando se ten previsto ter rematado o proceso de contratación do reforzo da area de urbanismo?

3.- ¿ Por que se seguen sen retransmitir os plenos?, preguntamos no anterior pleno e o alcalde argumentou que en agosto había persoal de vacacións. Solicitan que dunha vez se corrixa isto, ben votando man de radio Arzúa ou das redes sociais do concello, hai actos culturais que son retransmitidos, polo que non debe ser tan difícil, para que así a veciñanza poida saber o que se fala nos Plenos.

4.- Unha pregunta que xa fixeron na comisión do Covid e tamén nun pleno ¿Que se ten pensado facer cos impostos municipais cara o vindeiro ano? tendo en conta a situación da segunda ola da pandemia que estamos a vivir, e os efectos que isto ten para os negocios do concello, nun pleno anterior se comprometera, dado que este ano non se puido doar ou revisar o recibo do lixo e miralo cara o 2021 en función da situación, e pensan que a situación e o suficientemente grave, e todo apunta que nos vindeiros meses vai ser mais complicada, polo que é necesario facer esas exencións para axudar o comercio e a hostelería.

5.- ¿Por que non se lle da resposta a veciñanza dos escritos que presentan, tendo

moitas veces que presentar tres ou catro escritos? Referímonos os veciños de Leon de Arriba de Oins que xa pasa dun ano que xa o trouxeron o pleno de febreiro, pero non se lles contestou nin se lles amaño nada. Uns veciños de San Martiño de Calvos que solicitamos agora un expediente por rexistro, que tamén presentaron dous escritos e non se lles contestou, nin se lles da a razón nin se lles denega. Un veciño do concello de Arzúa que os chamou o outro día que ten unha propiedade que lle chaman o Muiño da Virxe na parroquia de A Mella que ten a pista desfeita, e enviou varios escritos o concello que non foron contestados nin se lle arranxou a pista, e mais fíxose unha saca de madeira nesa zona, chamouse o concello que enviaron os servizos municipais e viron o deterioro da pista e quedou así, o propietario dixo que cando acabara a ía arranxar, ese veciño quíxose empadroar nesa propiedade e no concello non o autorizaron porque non consta esa propiedade, en cambio el ten o recibo da contribución que paga por esa propiedade, estes problemas de empadroamento no concello de Arzúa veñen sendo habitual porque xa pasou con mais casos de xente que lle poñen pegas, pero logo van o concellos como por exemplo o de Boimorto e con dar unha dirección dun familiar xa os empadroan. Este caso en concreto é unha persoa que se quere empadroar en Arzúa, ten unha propiedade que está pagando contribución por ela e neste concello non a deixan empadroar, non esta culpando o equipo de goberno porque ao mellor non ten coñecemento disto, na medida do posible haber se se pode subsanar.

6.-¿Estase a aplicar a ordenanza da saca de madeira ca que conta o concello de Arzúa? se é así cantas solicitudes rexistrou o concello no ano 2019 e no que vai de 2020, e cantas veces fixo o concello uso o concello da fianza que teñen que depositar polos madeiristas, hai madeireiros que nos meses de inverno só cortan madeira no concello de Arzúa, porque noutros concellos teñen problemas.

7.- ¿Por que o concello non está informar por ningunha das canles, nin na radio nin en redes sociais, nas paxinas web de cal é a situación en que se encontra Arzúa en canto o número de contaxios polo Covid?, a maioría dos concellos están a facer eco dos datos que dende hai algunhas semanas a Xunta de Galicia está a publicar na web coronavirus.sergas.gal, tranquilizando a poboación e pedindo precaución, e sorprende que dende ningunha canle oficial de comunicación se teña feito nada disto, sobre todo cando hoxe o concello aparece catalogado polo Sergas nivel de alerta 2 polo número de PCR positivos nos últimos sete días.

8.- No último pleno o grupo de goberno pediunos os grupos da oposición para facer un comunicado conxunto para transmitirle a poboación o agradecemento polo seu comportamento e animalos a gardar as medidas de seguridade, foi unha proposta que partiu do grupo de goberno, e cre que todos os grupos dixemos que unha vez lido o escrito dependendo da súa redacción o asinaríamos ou non, pero que nos parecía ben e non se fixo. Parécelles que se podería sacar un comunicado informando e tranquilizando a poboación e animandoa a cumprir as normas para que isto non se

siga expandindo.

9.-¿ Por que non se está a aplicar o ROM que se aprobou por este goberno non hai moito?, uns dos apartados que ian nel, ao que eles votaron en contra porque lles parecía que eran para amordazar a oposición, que é a gravación dos plenos, non sabe se se esta a facer, pero entenden que non

10.- Dixosenos xa hai bastantes plenos que trouxeramos propostas por que se ían facer unhas xestións sobre a cobertura móbil nas parroquias do noroeste do concello, Dodro, Oins, San Martiño de Calvos.. non saben se se fixo algún tipo de xestión ou se está a facer algo nese termo

11.-Temos unha pregunta feita, e non sabemos se o alcalde as vai contestar ¿ cales son as datas de vencemento dos contratos e subministrados?, no pleno de febreiro a intervención puxo reparos a maioría das facturas e dixera que había 12 destes contratos que non estaban actualizados e requería ao goberno para que arranxase iso o antes posible.

12.-No primeiro pleno desta corporación presentaran unha moción, cando había as dúbidas de cómo tiñan que funcionar os plenos, para que se dotaran as instalacións con mais presenza de xente en actos vencellados tanto a cultura como ao deporte de desfibriladores non sabe se se fixo algo neste tema. Lembrar que en Arzúa xa houbo casos, secadra esta non sería a solución, pero o mellor podería haber sido.

13.- Fíxemos unha petición hai tempo para que se instase a fomento para regular o tráfico en Arzúa, desde que se fixo a saída á autovía, non sabe se se fixo algo, se fomento contestou ou teñen pensado facer algo para aliviar o tráfico.

14.- A pista de Oins que se reparou taparonse os baches e votouse unha pouca graba solta por riba da pista, o lamentable é que se votou un 200 metros aproximadamente no concello de O Pino, debían sobrar os cartos que non se parou no concello senón que se seguiu, ¿Quen certificou esas obras? ¿Canto costaron? ¿ Que se vai facer porque a grava xa está nas cunetas e na beirarrúa , cando é unha obra que se fixo hai un mes ou mes e medio? E que se vendeu moi ben nos medios, non sabe se se vai pedir responsabilidade sobre iso a empresa ou alguén o certificou ou se fan as cousas así porque si.

15.- ¿Como está o contrato do servizo de asistencia no fogar?, un servizo que esta contratado polo trámite de urxencia, e a urxencia e provisional para sempre.

16.- Obras pendentes do POS, hai varias obras que se aprobaron para o POS, e que levan moito tempo dende a lexislatura anterior e non saben que pasa con elas, en concreto estase a lembrar da que fora albergue de peregrinos do río vello.

17.- Esta pregunta fixéronlla hoxe uns veciños que sabían que ía haber pleno, aproveitando que se vai arranxar a ruta das hortas, tense pensado facer algo ca ruta do Val do Iso, sabe que non é unha ruta espectacular pero e unha ruta, que xente que a fai ou da un paseo perdese porque non esta sinalizada, tense pensado sinalizar ou sacar as sinalizacións que hai para que non leve a xente a confusión.

Dicir que lle parece lamentable que unha asociación cultural teña que pagar 6000 euros polo uso de instalacións e que se tarde tres meses en contestar e que haxa que pedir unha instalación con un mes de antelación, faría un ROGO para que iso se subsanara e mellorara na medida do posible.

* O Sr. Rivadulla Varela indica:

- Que os rogos prefire metelos por rexistro, xa que son peticións de distintas parroquias, amañar distintos problemas, como sería unha pista en Burres nas Buratas, as cunetas en Maroxo, en Brandeso varios puntos, a recuperación do camiño real que está abandonado, o paso a altura dos Monteiros, en Viladavil recuperar a ruta do Iso e que recentemente había metida unha petición para recuperar unha ponte de madeira que está fora do seu sitio, a fonte de Salmonte e algunha mais, pero prefire meter por rexistro con datos concretos como soe facer sempre.

-¿Mantense a restrición de horario para o punto limpo?, se a data de hoxe aínda existen esas restricións para a atención da xente ou pedir cita previa, non sabe se é un servizo que teña un perigo, pero non hai o mesmo servizo que antes e gustaríalles que se recuperara outra vez.

-O tema do depósito de pilas sen ter que ir o punto limpo non se volveu a poñer.

-O tema de licenzas, o día 15 de decembro remata o prazo para presentar licenzas os que solicitan plan de incorporación a actividade agraria e plans de mellora, non sabe as solicitudes que haberá este ano o ano pasado houbo menos que hai dous anos, pero deberían atenderse porque para o vindeiro pleno non tería sentido volver a solicitalo,

-Solicitarlle o concello que se interese un pouco polas feiras quincenais, o espazo de aparcamento segue inutilizado e non entenden porqué, e cando se fan as feiras que se faga publicidade de que hai tendas no baixo, porque os tendeiros notan a falta de vendas por estar alí abaixo, porque a xente descoñece que están alí.

- Xa ten pasado outras veces de ter preguntado se o pleno se ía transmitir pola radio e a radio non ter constancia da celebración dos plenos, entende que se lles debería de comunicar a súa celebración, se se quedou que se ía retransmitir pola radio non entende porque non se lle notifica a radio Arzúa de que vai haber pleno, as ultimas veces non acudiu por iso, salvo no verán que estiveron de vacacións.

*Que presentou por rexistro o día 27/10/2020 con rexistro entrada 202099900000689:

1º.- PXOM: ten previsto algunha novidade (modificación ou execución para o que resta de legislatura? Especialmente por habilitacións de novos espazos de aparcamento, ampliación polígono industrial, alturas edificios, novas condicións de superficie e núcleos que faciliten novas obras.

2.- O concurso do servizo do SAF: en que punto está?

3.- Hai previsión de devolver taxas cobradas por servizos non prestados por

consecuencia do COVID? (servizos municipais, actividades deportivas/culturais...)
Así como o reenvío do documento da FEGAMP ao resto de compañeiros do resto de partidos políticos.

Esas preguntas case eran as mesmas do pleno e que reduciu a tres, non sabe se as vai responder o alcalde, a parte desas tiña outra relativa ao servizo de axuda no fogar que xa a fixo hoxe o Sr. Carril Ramos, que había un reparo no informe de intervención que non se xustifica o tema da urxencia, entenden que canto antes se debería dar continuidade a ese procedemento e sacalo a concurso

-O tema da pista en Oins que xa mencionaron os compañeiros, só aquel tramo costou 40.000 euros, houbo 250 m que foron medir o outro día que asfaltaron na zona do Pino, en situacións coma esta o normal é comunicarse co concello afectado é chegar a un acordo, o concello do Pino non tiña constancia disto, ese importe extra case 8.000 euros que se gastaron demais, que deberían gastarse na pista que comunica o resto de Oins e que pasa pola igrexa e vai cara a estrada que une Arzúa con Pontecarreira, xa que ten moitos baches.

-O equipo de AxA o que lle queda de legislatura vai presentar algunha moción ou non, se e un partido político ou non ou cobra por tal, non entende que non teña unha actividade como tal, entende que ten unha actividade como goberno pero a parte diso o que non presente mocións non o entende, sabe que o alcalde e moi activo nas redes sociais con política nacional.

* O alcalde indica que vai contestar este momento as preguntas que poida, pero se ten que dar datos xa llos dará.

- Con respecto a algún dos rogos que fixo o concelleiro de CxG, con respecto a fonte da Quenlla, están pendentes de que o técnico vaía para facer unha memoria e tratar de arranxala.

- Con respecto ao asfaltado do acceso a autovía, xa se puxeron en contacto coa empresa para reclamarlle que a pista xa empeza a dar problemas e que ten que solucionarlos, xa estivo o técnico falando o outro día con eles.

-Con respecto a ocupación do terreo do Pino é a primeira noticia que ten, supón que se trata dun erro do técnico, recórdolle o Sr. Rivadulla Varela que a alcaldesa de Melide do Partido Popular veu asfaltou en Boente uns cantos metros, díralle o arquitecto técnico municipal que o revise.

- Sobre o tema que solicitou o BNG sobre a ITV intentaran facer esa petición.

- Con respecto a Web votaráselle un vistazo

- Con respecto o tema de normalización lingüística, informa que hai case un mes que o concello está sen normalizadora, porque a chamaron para facer unha substitución, chamouse a seguinte da lista pero tamén a chamaran, polo que se quedou sen xente á que chamar da bolsa de emprego, polo que agora mesmo están sen normalizadora, mirarase se desde a deputación volven a sacar a mesma subvención para o ano e

levarase a cabo un proceso de selección.

- Con respecto a liña de autobuses porase en contacto co alcalde de Santiso para tratar este tema, xa que inflúe nos dous concellos e a ver o que se pode facer.
- Con respecto o nº de licenzas pasousevos, se ben e certo que non ia o número de solicitudes que se presentaron e os expedientes que están en tramite, teran que facer a recopilación e pasarllela
- Xa se rematou o procedemento de contratación do servizo técnico urbanístico, requeriuse a empresa documentación e cando a presenten asinarase o contrato.
- O tema dos impostos, tan pronto se empece co tema dos orzamentos mirarase ese tema, non vai poñer en risco as contas do concello e chegará ata onde poida chegar, sempre se pon coma exemplo o recibo do lixo, ese recibo ten unha bonificación entre comillas que non é bonificación, que non hai en ningún outro concello, pagar 35 euros como se esta pagando, nos orzamentos hai moita diferenza entre ingresos e gastos como para andar facendo cabriolas.

* A Sra. Lopez Sobrado indica que a hostelería paga tamén e o que se fala para moita xente é moita axuda.

Contesta o alcalde a Sra. López Sobrado, que guiarase polos técnicos para saber ata onde pode chegar, e logo continúa contestando as preguntas realizadas polos concelleiros:

- Ruta do Val do Iso, habería que miralo, aínda que agora mesmo non está previsto facer ningunha intervención nesa zona, haberá que mirar por prioridades, porque se o final se ten que desvestir un santo para vestir outro, cre que é mais importante ter a ruta das fervezas das Hortas en boas condicións que poñer esta ruta en funcionamento.
- No tema das licenzas xa ten explicado por activa e pasiva , e sabe que o entenderon perfectamente, a situación do departamento de urbanismo que ven derivada dunha serie de cousas, todo o que se está dicindo o final repercute, hai unha sobrecarga no departamento para superar unha situación que non veu dada por unha desidia senón por unha serie de condicionantes como xa ten explicado moitas mais veces, o tema da administración electrónica, non só o departamento de urbanismo senón tamén o de secretaría que parece que é o culpable, cando o traballo que se fixo durante o ano 2019 por parte dese departamento so o sabemos os que estivemos aquí día a día vendo a evolución, en palabras da deputación pasamos de conducir un 600 a un ferrari respecto a administración electrónica, que se non se houbera tomado como prioridade o tema da administración electrónica agora o atasco sería maior, porque a lei obriga a sacar os procedementos de contratación de maneira electrónica.
- Que lle da un pouco de pena que xente que estivo traballando para modernizar este

concello estea pagando as consecuencias de que isto non se fixera antes, e todos sabemos un pouco cales eran as causas.

-No departamento de urbanismo esta saíndo do atasco, como xa dixo esta para adxudicar o servizo de asesoramento técnico urbanístico, estase sacando moitas licenzas e estanse denegando outras, tedes as cifras, as cales xa se lle pasaron o BNG, en cada Xunta de Goberno están indo licenzas informadas, todo pode vir como un bumerang en contra, el non se vai privar de dicirle a quen lle veña a protestar que despois de facer varios requerimentos se denegue unha licenza porque non foron atendidos, a partir de agora esas licenzas vanse denegar e de feito na ultima xunta de goberno denegáronse dúas licenzas a dúas pensións por non ter solucionado o tema do aparcadoiro, antes iso quedaba ahí porque se sabe que é un problema de difícil arranxo, pero a partir de agora iso non se vai a contabilizar como unha licenza que non está outorgada por desidia do alcalde.

-Sabe que ese e un tema co que se pode facer oposición e por iso estades cargando ahí, eso xa é cousa da oposición el intentarase defender como poida, intentara votar man dos recursos que necesite para votar iso para diante, estase coa contratación por acumulación de tarefas dun novo Tax, espera que a tax que estaba de baixa por enfermidade se reincorpore y que todo vaia saíndo adiante, todos os traballadores están poñendo moito da súa parte sobre todo do departamento de secretaria e urbanismo.

- En canto a feira, ten anotado tres cousas que non lle pareceron nada ben do que dixo o Sr. Rivadulla Varela, e unha delas e o tema da feira. Fixera un comentario nunha comisión de seguimento falando das feiras, de que os feirantes non estaban contentos, pero non están contentos nin en Arzúa nin noutro sitio, porque se os cambias de sitio xa están cabreados. O técnico do concello xunto coa policía local fixeron o traballo de reorganización da feira o mellor que souberon. O que fixo o Sr. Ribadulla Varela polo comentario que el fixera na comisión de seguimento foi aproveitar para ir a comentalo con todos os feirantes e meter leña o lume e non lle pareceu ben. El non vai ir a feira porque lle consta que o técnico e a policía local organizaron todo o mellor que poideron segundo as circunstancias que hai, e por moito que visite os feirantes non o vai facer mellor que o que fixeron eles. O aparcadoiro non se esta utilizando porque llo pediu a policía local, hai outro apartadoiro habilitado e a maior parte dos días hai sitio abondo, e agora mesmo ese aparcadoiro esta reservado para a feira, entre outras cousa vanse correr menos riscos.

- Con respecto a radio, case lles diría que lle preguntarades o director porque o pleno non se retransmitiu hoxe porque estaba avisado, cre que so pasou unha vez que non se avisara e o resto foi polo verán que xa explicara o por qué

-Na zona de Dombodán, San Martiño, Dodro, San Estevo, Branzá os bacheos están contratados, están a esperar que mellore un pouco o tempo para que a empresa adxudicataria os poida levar a cabo.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

-Para contestarlle o BNG polo tema dos servizos, esta el traballando sobre iso cando ten tempo, agora tamén esta a persoa encargada tamén de baixa por enfermidade, el quere ter todos eses datos porque é un traballo do que el se sente orgulloso.

- Que repasara a acta e se lle quedou algo sen contestar contestarao no vindeiro pleno.

As 22:41 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

| | |
|--------------------------------------|---|
| O alcalde, José Luis García López | A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez |
|--------------------------------------|---|

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)